



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 26 de setembro de 2024, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL "ALTERNATIVA DOS VECIÑOS" (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL "POPULAR" (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Dominguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.
- D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas.

GRUPO MUNICIPAL "SOCIALISTA" (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asiste:
- D. Pablo Cibeira Taboada, concelleiro do grupo municipal "Alternativa dos Veciños".

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

Antes de proceder a tratar os asuntos, polo alcalde dáse paso á voceira do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”,
Dª Mª José Varela, que dá lectura á declaración institucional do concello de Oleiros contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos, que se transcribe:

**“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OLEIROS CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE
MULLERES, NENAS E NENOS”**

O 23 de setembro cumpríronse 111 anos da aprobación da primeira lei no mundo contra a prostitución de nenas e nenos (Arxentina), por iso esta data foi elixida pola ONU en 1999 para conmemorar en todo o mundo o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos, lembrando a loita global contra unha das formas máis atroces de violencia e vulneración de dereitos humanos.

A trata de persoas con fins de explotación sexual representa unha das expresións máis crueis da desigualdade de xénero e da mercantilización dos corpos de mulleres e nenas. Esta realidade non é só unha violación dos seus dereitos fundamentais, senón tamén unha ameaza directa á súa dignidade, liberdade e integridade, que nos interpela a todos e a todas como sociedade.

Os datos son alarmantes e preocupantes. A trata de seres humanos segue sendo un negocio lucrativo, sustentado pola demanda de explotación sexual, onde a inmensa maioría das súas vítimas son mulleres e nenas. Segundo a Oficina de Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (UNODC), o 96% das vítimas de trata con fins de explotación sexual son mulleres e nenas, sendo moitas delas menores de 18 anos. Esta realidade está directamente vinculada á pobreza, á desigualdade e á falta de oportunidades.

España é un dos países onde máis mulleres e nenas son prostituídas. Segundo datos achegados pola ONU, España encabeza a lista dos países da Unión Europea cun 39% dos homes que acudiron á prostitución polo menos unha vez na súa vida, con moita distancia respecto aos demais países que se sitúan preto do 19%, na media europea.

A estreita relación cos procesos migratorios converteu ao noso país en porta de entrada a Europa e, ao mesmo tempo, país de destino e de tránsito para as vítimas de trata. A prostitución e a trata son dúas caras da mesma moeda. Non pode haber trata con fins de explotación sexual sen a existencia dun sistema de prostitución que normaliza a compra e venda de corpos. Sen prostitución, non habería trata.

Desde o Concello de Oleiros, reafirmamos o noso compromiso abolicionista da prostitución, entendendo que a liberdade e a igualdade das mulleres é incompatible coa súa explotación como obxectos de consumo.

Nos últimos días coñecemos un avance do primeiro macro estudo realizado en España que estima estatisticamente o tamaño da poboación de mulleres e nenas vítimas de trata, explotación sexual e prostitución no país e lánzanos a arrepiente cifra de que en España hai 114.576 mulleres en situación de prostitución.

Dada a situación de clandestinidade e a dificultade para solicitar datos seguramente sexan moitas máis, pero agora polo menos xa temos unha visión actual e próxima á realidade para poder traballar con efectividade.

Neste 2024, a loita contra a explotación sexual e o tráfico de mulleres, nenas e nenos debe intensificarse con accións concretas e contundentes. Resulta imprescindible fortalecer o marco legal mediante o impulso de normas como o Anteproxecto de Lei Orgánica Integral contra a Trata e a explotación de seres humanos, proxectada dende o Goberno do Estado, que aborda tamén o ámbito da prevención e sensibilización, así como a adecuada identificación e asistencia ás vítimas.





CONCELLO DE OLEIROS

A actual proposta do anteproxecto adopta por primeira vez un enfoque integral da trata. Así, a resposta dos poderes públicos vai máis aló da resposta penal e aborda tamén a prevención e a sensibilización da sociedade, a detección temperá e a asistencia e protección ás vítimas.

É crucial promover nunha educación en igualdade que desactive a demanda de prostitución, especialmente entre as persoas mozas, e combater as novas formas de explotación sexual que xorden en contornas dixitais.

No Concello de Oleiros, cremos firmemente na construción dunha sociedade na que ningunha muller, nena ou neno sexa tratado como mercadoría. A abolición da prostitución e a erradicación da trata con fins de explotación sexual son obxectivos esenciais para avanzar cara a unha sociedade verdadeiramente igualitaria e libre de violencia.

Este 23 de setembro, renovamos o noso compromiso na loita pola dignidade, a liberdade e os dereitos de todas as vítimas de trata. Avogamos por unha sociedade onde o corpo e a sexualidade das mulleres non sexan obxecto de compra-venda, e onde as futuras xeracións crezan nun mundo máis xusto, libre de explotación.

A Corporación Municipal do Concello de Oleiros.”

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024004901, de 23 de setembro, que son os seguintes:

- “1º.- Aprobación, se procede, da acta do Pleno extraordinario celebrado o día 30 de xullo de 2024.
- 2º.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan Parcial SUND-30 – “A Ferrala (Lians)”.
- 3º.- Aprobación, se procede, do cambio de uso dotacional (equipamento) de parcela no recinto onde se localiza o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre en Oleiros. (referencia catastral 15059A01500186)
- 4º.- Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 5º.- Aprobación inicial da modificación de créditos número 2024/MODOR/000035 sobre o orzamento de 2024, de Transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto da área de Obras Públicas.
- 6º.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de Facenda relativa ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto previstos na Lei orgánica 2/2012, correspondentes ao segundo trimestre de 2024.
- 7º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía número 2024004756 de 13/09/2024, polo que se aproban as liñas fundamentais nas que se están a elaborar os orzamentos de 2025.
- 8º.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 2º trimestre de 2024.
- 9º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024003930 ata o 2024004897.
- 10º.- Mocións, rogos e preguntas.”

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta do Pleno extraordinario celebrado a día 30 de xullo de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ó acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, insistindo en incidir que non están de acordo en que as actas non se transcriban con literalidade, máis existindo medios tecnolóxicos suficientes como para poder facelo. Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que xa veñen contestando ó mesmo desde o principio do mandato, as actas xa se lle informou pola secretaria municipal que deben recoller votacións, acordos e unha transcripción breve do debate que se poida producir nos asuntos tratados.

De orde do Sr. Alcalde pásase de seguido á votación do asunto, amosándose o resultado de **dezaioito (18) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”, o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 30 de xullo de 2024*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan Parcial SUND-30 – “A Ferrala (Liáns)”

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que este expediente aprobouse por acordo plenario de 29 de novembro de 2023, sendo anulado por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resolvendo a anulación da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, polo que houbo que iniciar un novo procedemento e tramitación do Plan Parcial SUND-30 na Ferrala, Liáns.

Trala presentación de documentación como consecuencia da necesidade de realizar correccións no documento previa petición dos técnicos municipais, aprobouse o expediente inicialmente en agosto pasado, abríndose un prazo de alegacións ó que non se presentou ningunha.

En canto ós informes sectoriais emitidos, algúns sinalaron observacións que foron subsanadas e incorporadas ó documento definitivo. O PXMO de Oleiros non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que se desenvolva. Este Plan Parcial conta cunha superficie aproximada de 2 hectáreas, no que se poden construír 14 vivendas/hectárea, propoñéndose a construción de 17 vivendas unifamiliares e 1 edificación, con 6 vivendas de protección oficial e 4 de vivenda libre, non esgotándose a densidade.

Por todo isto e á vista do documento presentado e analizado, proponse aprobar definitivamente o Plan Parcial do SUND-30 en A Ferrala, Liáns, procedendo a súa publicación no prazo dun mes no DOG; solicitando a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia; remitindo unha exemplar do documento aprobado de xeito definitivo, xunto co acordo plenario da aprobación, á Dirección Xeral de Aviación Civil; dilixenciar os documentos que o conforman; publicar o acordo na web municipal, notificando o acordo ós titulares catastrais das parcelas do ámbito, á entidade promotora e á redactora.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que como xa dixeran con motivo da celebración da comisión informativa vanse abster, dado que lles gustaría ver un plan de mobilidade paralelo acorde co crecemento do municipio para que esta zona siga a ser dunha boa habitabilidade en tódolos sensores.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que antes de anunciar o senso de voto do seu grupo, gustaría lle facer unha serie de apreciacións. A primeira, coherencia nas súas decisións polo que cómpre repasar o que o goberno municipal dixo en marzo deste ano sobre que Oleiros aínda pode frear o pelotazo urbanístico das Casas Baylli de Cambre, unhas 190 vivendas. O que alegaba o goberno municipal era que a futura urbanización do lugar tería consecuencias drásticas na mobilidade, pois producirá na rede viaria da zona unha forte densidade de vehículos, incrementando os problemas existentes.

Neses mesmos días, este concello puxo en marcha a reactivación do proxecto en Viñas de Babilonia para construír 390 vivendas, nunha zona de 130.000 m² na saída de Sta. Cruz que agora son prados e monte. Aquí, segundo o goberno municipal, construír máis do dobre contemplado nas de Cambre, non terán consecuencias drásticas na mobilidade ó estender pola rede viaria da zona unha forte densidade de vehículos, porque con 390 vivendas poden calcularse uns 800 vehículos máis a circular pola Avda. Che Guevara.

Neste ámbito da Ferrala, o goberno municipal quere aprobar 29 novas vivendas, outros 50 vehículos máis para unha rede viaria saturadísima, que se colapsa diariamente desde Jardiland, culpa da veciñanza segundo o alcalde. Máis carga para unha rede de saneamento raquítica, porque non medrou ó ritmo das vivendas, e máis demanda de auga.

Na demanda interposta pola Xunta de Galicia, que foi estimada polo TSXG, o letrado da institución autonómica sinalaba que o Plan Parcial aprobado emitiu o informe preceptivo da Dirección Xeral de Urbanismo sobre o cumprimento do plan de ordenación do litoral, o plan incumpría a dotación de sistemas xerais e equipamentos comunitarios na porcentaxe do 5% por cada 100 m² edificables residenciais e o Plan Parcial non fixaba a edificabilidade máxima nos terreos destinados a equipamentos públicos e a listaxe continua, logo a pregunta que se fan é ¿Cal era a urxencia para promover os cambios urbanísticos un polígono con tantas eivas?.

E cuarto e último, a falla de rigor, na relación de informes sectoriais na nova tramitación tralo varapau xudicial, contesta a Delegación do Goberno, contesta Augas de Galicia, tamén o Ministerio de Transición Ecolóxica e todos poñendo condicionantes, curiosamente AQUAOLEIROS, que xestiona unha rede obsoleta e da que o goberno municipal son os responsables últimos, porque forman o consello de administración, nada dí sobre que vai haber máis carga na rede de saneamento e de abastecemento, cando menos é curioso e xa o colmo, solicítase dos servizos municipais que informe o 22 de agosto de 2023 e responden o 14 de novembro de 2022, un ano antes e non se trata dunha errata puntual, dado que se repite en varias páxinas do informe, todo isto o que conleva é a solicitar un maior rigor coas cuestións urbanísticas, por iso non lles queda polo tanto outro remedio que absterse.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, pondo de manifesto que a demagogia política está hoxe á orde do día, dicir que esta actuación urbanística de 27 vivendas en dúas hectáreas, 20.000 metros, onde en calquera outro municipio e xa non dí na cidade da Coruña, seguramente farían unha torre para 100 vivendas, aquí resulta que 27 vivendas van colapsar á Rúa da Ferrala, que vai desde Oleiros a Sta. Cruz, e que debe contar con dúas ducias de vivendas aproximadamente en 2 quilómetros.





CONCELLO DE OLEIROS

En canto ó dito sobre a urxencia, cando se aproba un plan e a veciñanza presenta unha alegación á que se lles dá a razón, porque cando se obra hai tamén que urbanizar o ámbito, como este caso que se está a tratar, iso foi o que fixeron veciños da Ferrala, que non promotores, tratar de levar adiante unha promoción, ou é que non teñen dereito. Para rematar e non dar lugar a máis demagogia, dicir que se trata dunha correcta actuación e que no seu intre tiveron problemas porque sempre desgraciadamente atópanse algúns con atrancos, como foi neste caso que cando iniciaron os trámites algúns dunha determinada administración informou que non había cunetas para augas pluviais, cando desde xa hai moitos anos, desde Oleiros a Sta. Cruz, baixan tódalas augas da Ferrala, polo que houbo que refacer e reiniciar o expediente por culpa duns mediocres que ás veces atopas nas administracións ou que ó mellor, tiñan algún interese en que estes veciños non levaran adiante o desenvolvemento do ámbito, freando esta actuación durante cinco anos, tempo que perderon estes veciños en ver desenvolvido este plan parcial.

No que atinxe ó manifestado pola voceira do grupo “Popular”, sinalarlle que esa zona non vai perder calidade ningunha porque non hai saturación de vivendas de ningún tipo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de setembro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Proposta de adopción de acordo ao Pleno do Concello de Oleiros ASUNTO: Aprobación definitiva do Plan Parcial SUND-30

Con data 19 de agosto de 2024, a coordinadora de servizos urbanísticos, coa conformidade do secretario accidental aos efectos do disposto no artigo 3.3.d).7º e 3.4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, emite informe do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

1. “OBJECTO DO INFORME E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

EXPEDIENTE	2021/PLANEAM/000024 (FG NÚM. 687)
DENOMINACIÓN	Plan Parcial SUND-30 – “A Ferrala (Lians)”
ENTIDADE PROMOTORA	Comisión urbanística “A Ferrala (Lians)” (V-70.222.252)
ENTIDADE REDACTORA	Portela Varela Puente Arquitectos, S.L.P. (B-15.620.891)
OBJECTO DO INFORME	Aprobación definitiva do plan parcial
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2024011373, de 4 de xuño de 2024 – arquivos en PDF NRE 2024016140, de 24 de xullo de 2024 – arquivos editables
TRAMITACIÓN AMBIENTAL	Tram NRE 2022016625, de 13 de setembro. Resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico do plan parcial do





CONCELLO DE
OLEIROS

	<i>SUND-30 no Concello de Oleiros – expediente 2022AAE2693. Non sometemento a avaliación estratéxica ordinaria.</i>
<i>APROBACIÓN INICIAL</i>	<i>Decreto 2023004182, de 18 de agosto</i>
<i>INFORMACIÓN PÚBLICA</i>	<i>DOG núm. 167, de 4 de setembro de 2023, publicación en diario La Opinión, de data 31 de agosto de 2023, e remisión a afectados. Non se presentan alegacións.</i>
<i>INFORME TÉCNICO</i>	<i>Emitido polo arquitecto municipal don Alejandro Montero Criado, favorable á aprobación definitiva.</i>

Antecedentes administrativos

- *Aprobación do Plan Parcial do SUND-30 A Ferrala (Lians) por acordo plenario de 29 de novembro de 2023.*
- *Anulación por sentenza do TSX no PO 4107/2019 do Plan Parcial do SUND-30 A Ferrala (Lians), solicitándose a anulación da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.*
- *NRE 2022021659, de 20 de decembro, inicio da nova tramitación de Plan Parcial do SUND-30.*
- *Tras informe técnico solicitando correccións, con NRE 2022009324, de 24 de maio, preséntase parcialmente a documentación requirida, e con NRE 2022009679, de 30 de maio, preséntase documento para envío a avaliación ambiental.*
- *Mediante Decreto 2022002713, de 2 de xuño, dase conformidade ao documento de inicio e solicítase ao órgano ambiental a emisión de informe ambiental estratéxico.*
- *NRE 2022016625, de 13 de setembro. Resolución pola que se formula o informe ambiental estratéxico do plan parcial do SUND-30 no Concello de Oleiros – expediente 2022AAE2693, de data 8 de setembro de 2022, no que se acorda o non sometemento a avaliación estratéxica ordinaria, tramitándose esta polo tanto como avaliación estratéxica simplificada.*
- *Con data 28 de setembro de 2022, recíbese informe da Dirección Xeral de Aviación Civil sobre o plan parcial do SUND-30 A Ferrala (Lians), que informa favorablemente o Plan sempre que e cando as construcións propostas ou obxectos fixos non vulneren as servidumes aeronáuticas.*
- *Tras a presentación de varios documentos a petición dos técnicos municipais a consecuencia da necesidade de realizar correccións no documento (NRE 2022022062, de 7 de decembro; NRE 2022012858, de 4 de xullo), preséntase a versión do NRE 2023015312, de 11 de agosto, obxecto do presente informe e do informe emitido polo arquitecto municipal o propio 11 de agosto de 2023.*
- *Aprobación inicial por Decreto 2023004182, de 18 de agosto, con apertura de fase de alegacións, non téndose recibido ningunha unha vez finalizados os prazos. Tiñanse solicitado os seguintes informes, cos seguintes resultados obtidos:*

<i>Informe</i>	<i>Data de solicitude</i>	<i>Resultado</i>
<i>Delegación do Goberno</i>	<i>24/08/2023</i>	<i>2023018316, non mostra oposición ao plan</i>
<i>Augas de Galicia</i>	<i>24/08/2023</i>	<i>2023024566, de 29 de decembro de 2023, favorable.</i>





CONCELLO DE
OLEIROS

Mª Transición Ecolóxica e reto demográfico	24/08/2023	2023018316, de 3 de outubro. Favorable, condicionado a cumprimento de condicións
Deputación provincial da Coruña	24/08/2023	Acordo XG de 12/01/2024. Favorable, tendo en conta as condicións previamente comunicadas.
Aquaoleiros S.A.	22/08/2023	18/10/2023, favorable
Servizos Municipais	22/08/2023	Manifesta con data 14/11/22 a vixencia de informe emitido en 5/22, mostrando conformidade.

• Tras diversas solicitudes de emenda polos servizos técnicos municipais, con data 22 de xullo de 2024 emítese informe favorable ao documento completo presentado en data 04/06/2024 con nº de rexistro 2024011373 (e complementado con NRE 2024016140, de 24 de xullo de 2024 cos arquivos editables deste).

2. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#), aprobado parcialmente por Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 75 de 2 de abril de 2009, DOG núm. 81 de 28 de abril de 2009); aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas

3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Datos urbanísticos do ámbito e planeamento vixente

De conformidade coas determinacións contidas nos artigos 68 e 69 do PXOM, as determinacións urbanísticas aplicables como consecuencia das determinacións da normativa vixente serían as seguintes:

SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO, SECTOR 30	
Clasificación urbanística do solo	Solo urbanizable
Superficie	20.908,00 m ² - Tipo A
Superficie de actuación mínima	3 ha
Densidade máxima	14 vivendas/ha





CONCELLO DE
OLEIROS

<i>Edificabilidade máxima</i>	<i>0,20 m²/m²</i>	
<i>Sistemas xerais</i>	<i>A adscrición de sistemas xerais poderá producirse nos terreos pertencentes ao Parque Metropolitano de Liáns.</i>	
<i>Datos de usos Observacións</i>	<i>Uso global</i>	<i>Residencial</i>
	<i>Usos compatibles</i>	<i>Terciario e dotacional</i>
	<i>Usos incompatibles</i>	<i>Industrias en categorías 3ª e 4ª</i>
	<i>Tolerancia de uso</i>	<i>Vivenda plurifamiliar B+2 ata o 40% da edificabilidade residencial</i>
	<i>Tipoloxía de vivenda</i>	<i>Vivenda unifamiliar B+1</i>
<i>Condições xerais</i>	<i>Arts. 68 e 69 normativa urbanística PXOM</i>	

b. Trámite de información pública e alegacións

Tras a aprobación inicial do plan parcial abriuse un período de información pública mediante publicación de anuncios en prensa e no DOG. Tamén se notificou ás persoas afectadas directamente polo acordo, constando as notificacións realizadas no expediente. Non se presentaron alegacións ao proxecto.

c. Informes sectoriais emitidos

En canto aos informes sectoriais emitidos no procedemento, han de sinalarse os seguintes:

<i>Informe</i>	<i>Data de solicitude</i>	<i>Resultado</i>
<i>Delegación do Goberno</i>	<i>24/08/2023</i>	<i>2023018316, non mostra oposición ao plan</i>
<i>Augas de Galicia</i>	<i>24/08/2023</i>	<i>2023024566, de 29 de decembro de 2023, favorable.</i>
<i>Mª Transición Ecolóxica e reto demográfico</i>	<i>24/08/2023</i>	<i>2023018316, de 3 de outubro. Favorable, condicionado a cumprimento de condicións</i>
<i>Deputación provincial da Coruña</i>	<i>24/08/2023</i>	<i>Acordo XG de 12/01/2024. Favorable, tendo en conta as condicións previamente comunicadas.</i>
<i>Aquaoleiros S.A.</i>	<i>22/08/2023</i>	<i>18/10/2023, favorable</i>





CONCELLO DE
OLEIROS

Servizos Municipais	22/08/2023	Manifesta con data 14/11/22 a vixencia de informe emitido en 5/22, mostrando conformidade.
---------------------	------------	--

Os informes favorables nalgunhas ocasións acompañaban observacións e suxerencias que foron incorporadas ao documento definitivo.

d. Análise da avaliación ambiental

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros foi aprobado definitivamente por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.

Neste expediente, o órgano ambiental emitiu informe ambiental estratéxico (NRE 202200166215, de 13 de setembro), procedendo por tanto a tramitación simplificada e non quedando sometido a avaliación ordinaria por carecer de efectos significativos no medio.

e. Tramitación do procedemento e competencia para a aprobación definitiva

Os artigos 185 e seguintes do RSG establecen o procedemento para a aprobación dos plans parciais. Así, establécense os seguintes fitos procedimentais:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (artigo 75.1.a) da LSG). Este trámite levouse a cabo de acordo co establecido na táboa que encabeza o presente informe.

b) A Administración municipal deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente. Nos antecedentes do informe constan os informes solicitados e emitidos, de conformidade co anexo II do RSG. Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable (artigo 75.1.b) da LSG).

c) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto a a integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada e a conformidade do plan coa lexislación vixente (artigo 75.1.d) da LSG). O arquitecto técnico municipal emitiu informe na data que figura no cadro que encabeza este documento, e a viabilidade procedimental estase a analizar no presente informe.

d) Cumprimentados os trámites sinalados nos apartados precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva (artigo 75.1.f) da LSG).

A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderá ao órgano municipal competente (artigo 75.4 da LSG). A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, regula as competencias dos órganos municipais en orde á aprobación dos documentos de planeamento e xestión urbanística. Así, o artigo 22.1.c) establece que a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera destes instrumentos, será competencia do Pleno do Concello. E o artigo 21.1.j) da citada lei establece como competencia do alcalde as aprobación de instrumentos de planemanto de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así como as dos instrumentos de Xestión urbanística e os proxectos de urbanización.





CONCELLO DE OLEIROS

A aprobación inicial do documento do plan parcial tería encaixe, xa que logo, no artigo 21.1.j) LRBRL, sendo competencia do Alcalde. Mentres que a aprobación definitiva sería unha aprobación que pon fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, polo que haberá de adoptarse polo Pleno.

En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionados á súa publicación de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 deste regulamento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña para ese efecto a lexislación vixente en materia de réxime local.

Os instrumentos de planeamento urbanístico gozan de vixencia indefinida (artigo 82.1 da LSG). O acordo de aprobación definitiva do plan deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público, así como, cando cumpra, o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento, que incluírá os seguintes aspectos:

- a) A xustificación da integración no plan dos aspectos ambientais (artigo 82.2.a) da LSG).
- b) A xustificación de como se tomaron en consideración no plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas e a declaración ambiental estratéxica, así como, no seu caso, as discrepancias xurdidas no proceso (artigo 82.2.b) da LSG).
- c) As razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas (artigo 82.2.c) da LSG).

O documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas á súa publicación e á inscrición do instrumento no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da LSG.

A emisión de informe ambiental estratéxico declarando a innecesariedade de dar tramitación ambiental ordinaria por carencia de efectos significativos no medio supón que non sexa necesaria a obtención de declaración ambiental estratéxica para a aprobación definitiva do plan parcial.

4. CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Á vista do analizado, emítese informe xurídico favorable á aprobación definitiva do plan parcial obxecto do presente informe.

(...)”

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do plan parcial indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o documento que a continuación se indica:

EXPEDIENTE	2021/PLANEAM/000024 (FG NÚM. 687)
DENOMINACIÓN	Plan Parcial SUND-30 – “A Ferrala (Lians)”
ENTIDADE PROMOTORA	Comisión urbanística “A Ferrala (Lians)” (V-70.222.252)
ENTIDADE REDACTORA	Portela Varela Puente Arquitectos, S.L.P. (B-15.620.891)
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2024011373, de 4 de xuño de 2024 – arquivos en PDF





	NRE 2024016140, de 24 de xullo de 2024 – arquivos editables
--	---

SEGUNDO.- *Publicar no prazo dun mes no Diario Oficial de Galicia:*

- a) *o acordo de aprobación definitiva do plan*
 - b) *Indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan*
 - c) *Referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público e o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento que inclúa os aspectos sinalados no art. 82.2 LSG*
- O documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia.*

TERCEIRO.- *Solicitar a inscrición do Plan Parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no capítulo X do título II do seu regulamento.*

CUARTO.- *Remitir un exemplar do documento aprobado definitivamente xunto co acordo plenario da aprobación definitiva á Dirección Xeral de Aviación Civil, aos efectos Do disposto no artigo 27 do Real Decreto 369/2023, do 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea.*

QUINTO.- *Dilixenciar os documentos referidos Plan parcial do SUND-30 - Ferrala (Lians) e o estudo ambiental estratéxico presentados (NRE 2024011373, de 4 de xuño de 2024 – arquivos en PDF e NRE 2024016140, de 24 de xullo de 2024 – arquivos editables) como documentos aprobados definitivamente, arquivando os documentos entregados con anterioridade e que carecen de validez.*

SEXTO.- *Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva.*

SÉTIMO.- *Notificar ás persoas titulares catastrais das parcelas do ámbito do plan parcial e sistemas adscritos, se os houbera.*

OITAVO.- *Notificar á entidade promotora e á redactora.*

NOVENO.- *O Plan Parcial é unha disposición xeral polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”*

Punto 3.- Aprobación, se procede, do cambio de uso dotacional (equipamento) de parcela no recinto onde se localiza o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre en Oleiros (referencia catastral 15059A01500186)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que o pasado 11 de xuño a Directora xeral de Patrimonio Natural da Xunta e Galicia reuniuse co alcalde do concello, co obxecto de explicarlle unha modificación do uso da parcela para axustala á realidade das actividades que se realizan no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña, sito na Rúa Emilia Pardo Bazán, 20 – Liáns.

A motivación da petición é a necesidade de acometer unha serie de obras de mellora, ampliación e mantemento que na actualidade non serían autorizables, por non axustarse ó PXMO.

O titular catastral da parcela é a Xunta de Galicia e a nivel urbanístico deben distinguirse varias zonas dentro da mesma, porque se trata dun solo rústico cualificado como equipamento E-2, albergue. O planeamento xeral propón para este equipamento como sociocultural no apartado 2.8, de sistematización de equipamento xeral e local da memoria do PXOM, a cartografía do propio Plan Xeral sinalao como equipamento xeral.





CONCELLO DE OLEIROS

O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña é un dos catro centros deste tipo que existen en Galicia. Estes centros, dependentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, teñen como finalidade o coidado e a recuperación das exemplares de fauna silvestre autóctona que non estean en condicións de subsistir por sí mesmas no medio natural, posibilitando se fose o caso a súa integración ao medio natural ou, se iso non fose posible, a súa integración en programas de conservación ou de educación ambiental.

Trátase polo tanto, de centros que se dedican á protección da biodiversidade e á educación medioambiental, polo tanto de xeito indubitado de actividades de interese público. Fomentan ademais, a investigación sobre especies en perigo e a súa rehabilitación, permitindo avanzar no coñecemento sobre a súa conservación.

A ampliación e mellora dos centros de recuperación de fauna silvestre son accións de interese público que favorecen a protección da biodiversidade, a educación ambiental, a investigación científica, o benestar animal e o cumprimento da lexislación en materia de conservación.

A actividade deste centro non encaixaría dentro do uso descrito no PXMO, que busca promover o acceso á cultura, o lecer e á participación comunitaria favorecendo o desenvolvemento persoal e social das persoas, polo que entenden que a súa actividade tería encaixe dentro dun uso público-administrativo, asignado polo PXMO a aqueles centros ou edificios para servizos da administración pública, seguridade, bombeiros, concesionarios de servizos públicos, etc.

O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre adáptase dentro deste uso público-administrativo, porque é unha institución xestionada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático que realiza funcións de interese público, como o proceso de recuperación e posterior reintrodución de fauna no seu hábitat natural, unha función que require de coordinación e planificación por parte das administracións públicas e esta tarefa non é só un servizo social ou cultural, senón unha actividade que está profundamente ligada á xestión dos recursos naturais, un ámbito claramente administrativo.

Se ben, as modificacións do PXMO en principio deben seguir a mesma tramitación que a aprobación deste, para este caso o artigo 65.7 do Regulamento que desenvolve a Lei do Solo, sinala que o concello pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, deberá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. Porén, este cambio de uso dotacional podería tramitarse simplemente cun acordo pleno adoptado por maioría absoluta, sen a necesidade de recorrer á tramitación dunha modificación pola vía ordinaria, polo que se propón:

- 1.- Aprobar o cambio dotacional da parcela no recinto onde se ubica o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre en Oleiros, cuxo contido supón que o equipamento E-2, albergue, deixe de contar cun uso sociocultural para contar cun uso público-administrativo, de acordo co artigo 121 da normativa do PXMO.
- 2.- Publicar o acordo no prazo dun mes no DOG de aprobación definitiva.
- 3.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitivo.
- 4.- Notificar o acordo á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia.





CONCELLO DE OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que o seu grupo está de acordo na mellora e equipamento do Centro de Recuperación de Fauna Silvestre de Oleiros.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que o seu grupo apoiará esta proposta pero debe lembrarlle ó alcalde e ó goberno municipal, que o pleno é o lugar da palabra e onde se ven a expresar a opinión da veciñanza á que representan, polo que retirar a palabra a calquera representante público da veciñanza é unha contradición e un malo costume.

Anuncia tamén o seu apoio á proposta o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, engadindo que só existen catro centros como iste en Galicia, a día de hoxe non saben moi ben cal é a súa situación, se precisa de reformas, leva pechado pensa que hai un mes polo gromo que houbo de gripe aviar e como é de competencia da Xunta de Galicia, tamén lles gustaría coñecer cal é a opinión do concello en referencia ó seu estado e á realización de posibles melloras deste centro e, aproveitando tamén a ocasión, gustaríales coñecer a opinión do goberno municipal ante a posibilidade da redacción dun novo PXOM, dado o tempo xa transcorrido do anterior e as novas realidades como como esta.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que o primeiro centro de recuperación de fauna silvestre en Galicia construíuno o concello de Oleiros nesta parcela, naquel entón o concelleiro de cultura e medio ambiente, Guillermo Fdez.-Obanza García, foi quen iniciou este centro nunha vivenda antiga reformada, co permiso da Xunta de Galicia, para recepción e coidado das aves que se recollían por estar en mal estado, unha vez pasados como trinta anos, as instalacións xa non están adaptadas e de aí que a Directora Xeral manifestoulle a vontade de reformalo de aí que pida a autorización para podelo facer, ó que non lle viron problema ningún.

A pretensión é executar unhas instalacións axeitadas, de aí que se achegue hoxe esta proposta ó pleno, estudiado o caso viron que a forma máis áxil era a que se propón, consistente na adecuación da parcela que ademais permíteo o PXOM, non sendo necesaria tramitar unha modificación.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de setembro de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, por **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2024/URBANIS/000882

“ASUNTO: CAMBIO DE USO DOTACIONAL (EQUIPAMENTO) DE PARCELA NO RECINTO ONDE SE LOCALIZA O CENTRO DE RECUPERACIÓN DE FAUNA SILVESTRE EN OLEIROS





CONCELLO DE OLEIROS

Con data 29 de agosto de 2024, a coordinadora de servizos urbanísticos, coa conformidade da Secretaría accidental, e previa mostra de conformidade coa tramitación proposta da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, emite informe do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de xullo de 2024, a directora xeral de Patrimonio Natural, dona María Sol Díaz Mouteira reuniuse co alcalde do Concello de Oleiros don Ángel García Seoane co obxecto de manifestar o seu interese en modificar o uso da parcela para axustalo á realidade das actividades que se realizan no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña, sito en rúa Emilia Pardo Bazán, núm. 20, 15.179 Lians. A parcela conta con referencia catastral 15059A01500186.

A motivación da petición é a necesidade de acometer unha serie de obras de mellora, ampliación e mantemento que na actualidade non serían autorizables por non axustarse ao uso establecido para a parcela no PXOM, quedando por tanto a parcela no réxime do artigo 90 LSG (fóra de ordenación ou non plena compatibilidade co planeamento).

2. Con NRE 2024015159, de 15 de xullo, recíbese no Concello de Oleiros un escrito da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia asinado pola directora xeral, no que se solicita (transcrición literal parcial):

“(…), diríxome a vostede co propósito de solicitar un cambio no uso da dita parcela que permita compatibilizar os usos permitidos no citado recinto no que se atopa o Centro e deste xeito levar a cabo as actuacións necesarias de mellora, ampliación e mantemento do mesmo.

Estas obras de mantemento, necesarias como consecuencia da actividade propia desenvolvida no Centro durante todos estes anos, teñen por obxectivo poder continuar coa labor de coidado e recuperación da nosa fauna autóctona para o seu reingreso ao medio natural así as accións de conservación ex situ, como é a incubación artificial e a cría de polos dunha especie ameazada como é a pillara das dunas. (...)”

NORMATIVA APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU).*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RSG)*
- *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros, aprobado parcialmente por Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 75 de 2 de abril de 2009, DOG núm. 81 de 28 de abril de 2009); aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015).*
- *Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1. Obxecto do informe

O presente informe realizará un análise da situación urbanística da parte da parcela 15059A01500186 na que se sitúa o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña e dos usos que nela se están a levar a cabo, co obxecto de analizar a súa compatibilidade co planeamento xeral. Tratará de darse encaixe tanto a nivel técnico como procedemental á solicitude presentada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en atención






CONCELLO DE OLEIROS

aos principios de colaboración interadministrativa e de interese público que deben rexer a actividade das Administracións.

2. Réxime urbanístico da parcela

O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña, atópase situado no Concello de Oleiros, en rúa Emilia Pardo Bazán, núm. 20, 15.179 Lians. A parcela conta con referencia catastral 15059A01500186, e o titular catastral é a Xunta de Galicia (CIF S-1.511.001-H). A nivel urbanístico, deben distinguirse varias zonas dentro da parcela catastral, se ben o centro o Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña identifícase en cor rosada na imaxe seguinte, e é o obxecto de análise neste informe:



Así, debemos indicar que este solo é un solo rústico, cualificado como equipamento E-2 (albergue). O planeamento xeral propón este equipamento como sociocultural no apartado 2.8 de sistematización de equipamento xeral e local da memoria do PXOM. A cartografía do PXOM sinalao como equipamento xeral (plano 2, folia 21).

3. Actividade realizada na parcela: xustificación do interese público

O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña é un dos catro centros deste tipo que existen na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes centros, dependentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, teñen como finalidade o coidado e a recuperación dos exemplares de fauna silvestre autóctona que non estean en condicións de subsistir por si mesmos no medio natural. O seu principal obxectivo é a súa reintegración ao medio natural ou, se isto non fose posible, a súa integración en programas de conservación ex situ ou de educación ambiental. Trátase, por tanto, de centros que se dedican á protección da biodiversidade e á educación medioambiental, tratándose de xeito indubitado de actividades de interese público. Fomentan ademais a investigación sobre especies en perigo e a súa rehabilitación, permitindo avanzar no coñecemento sobre conservación das especies.

Así, a ampliación e mellora dos centros de recuperación de fauna silvestre son accións de interese público que favorecen a protección da biodiversidade, a educación ambiental, a investigación científica, o benestar animal e o cumprimento da lexislación en materia de conservación.

4. Réxime de usos dotacionais no PXOM de Oleiros

O artigo 121 da normativa do PXOM de Oleiros, encadrado dentro das normas reguladoras en relación á ordenación de sistemas (título III, capítulo III), indica que os equipamentos e dotacións son superficies destinadas a usos públicos ou colectivos para servizo directo dos cidadáns, prevendo unha serie de actividades e instalacións en función do uso que se vaia dar ao solo. Así, define o uso sociocultural (asignado polo PXOM ao equipamento obxecto de informe E-2) como aquel que inclúe as bibliotecas, centros sociais e culturais, museos, auditorios, salas de reunións, exposicións de interese público e comunitario e servizos anexos ós servizos deportivos vinculados ao uso.





CONCELLO DE OLEIROS

A actividade do Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña non encaixaría dentro do uso descrito, que busca promover o acceso á cultura, o lecer e a participación comunitaria, favorecendo o desenvolvemento persoal e social das persoas. Así, e dentro dos usos previstos no citado artigo, considérase que a actividade do centro referido tería encaixa dentro dun uso público-administrativo, asignado polo PXOM a aqueles centros ou edificios para servizos da administración pública, seguridade, bombeiros, concesionarios de servizos públicos, etc. A finalidade deste espazos parece ser a de ofrecer servizos administrativos e xestionar recursos públicos, facilitando o acceso da cidadanía aos procedementos e trámites necesarios para interactuar coas administracións.

O Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña encaixaría dentro deste uso público-administrativo, posto que se trata dunha institución xestionada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático que realiza funcións de interese público. O proceso de recuperación e posterior reintrodución de fauna no seu hábitat natural é unha función que require coordinación e planificación por parte das administracións públicas, e esta tarefa non é só un servizo social ou cultural, senón unha actividade que está profundamente ligada á xestión dos recursos naturais, un ámbito claramente administrativo.

5. Cambio de uso dotacional

Así, e sentada a base de que o uso axeitado para o equipamento xeral E-2 é o de público-administrativo e non sociocultural, cómpre buscar a vía de tramitación axeitada para realizar a devandita modificación no planeamento xeral do Concello de Oleiros.

Se ben en principio as modificacións do PXOM han de seguir a mesma tramitación que a aprobación deste (art.83.5 LSG), para o caso que nos ocupa o artigo 65.7 RSG establece o seguinte:

“7. O concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos (artigo 42.5 da LSG).”

Así, o cambio de uso dotacional estudado no presente informe podería tramitarse simplemente cun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de recorrer á tramitación dunha modificación pola vía ordinaria.

CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE ACTUACIÓN

En vista do anterior, conclúese que a proposta presentada con NRE 2024015159, de 15 de xullo pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia para realizar un cambio de uso dotacional no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre da Coruña para axustalo aos usos reais da parcela é viable xuridicamente.

(...)

Así, en vista das facultades conferidas polo art. 21 LRRL, propónse ao Pleno do Concello de Oleiros a adopción dos seguintes acordos, que han de adoptarse por maioría absoluta:

PRIMEIRO.- Aprobar o CAMBIO DE USO DOTACIONAL (EQUIPAMENTO) DE PARCELA NO RECINTO ONDE SE LOCALIZA O CENTRO DE RECUPERACIÓN DE FAUNA SILVESTRE EN OLEIROS, cuxo contido supón que o equipamento E-2 (albergue) deixa de contar cun uso sociocultural para contar cun uso público - administrativo, de acordo co artigo 121 da normativa do PXOM; a finalidade destes equipamentos é a de ofrecer servizos administrativos e xestionar recursos públicos, facilitando o acceso da cidadanía aos procedementos e trámites necesarios para interactuar coas administracións.

SEGUNDO.- Publicar no prazo dun mes no Diario Oficial de Galicia o acordo de aprobación definitiva da modificación do PXOM.

TERCEIRO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva.

CUARTO.- Notificar á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia o acordo adoptado.

QUINTO.- O PXOM é unha disposición xeral polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 4.- Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que durante o período de exposición pública desta ordenanza, aprobada inicialmente o pasado 27 de xuño, detectouse a necesidade de modificar de forma puntual aspectos referentes ás prestacións de comedores escolares, coa fin de incrementar os límites máximos de ingresos para que se puidese beneficiar un maior número de familias. En concreto, as porcentaxes que corresponden por cada persoa da unidade de convivencia, así como o límite máximo do IPREM. Estas modificacións xa foron incorporadas á convocatoria de prestacións de apoio para comedores escolares para o curso 2024/25, aprobada pola Xunta de Goberno Local de 26 de xullo deste ano.

Revisado o texto, detectouse polo departamento de servizos sociais unha serie de puntos tanto da convocatoria coma da ordenanza susceptibles de ser melloradas coa fin de beneficiar a un maior número de persoas, polo que é necesario trasladar ó pleno municipal unha proposta de modificación nos aspectos e termos coincidentes coa modificación levada a cabo na convocatoria de prestacións de apoio a comedores escolares para o curso 2024/25.

Estas modificacións refírense no art. 4.c onde dí “...os ingresos da unidade familiar non poderán superar o límite establecido para cada unha das medidas. A determinación das contías límites de acceso teñen como referencia unha porcentaxe do IPREM establecido para cada ano, distinta en cada unha das medidas; así como a suma das porcentaxes correspondentes a cada persoa a maiores da solicitante da unidade familiar seguindo os criterios establecidos na lei de inclusión social de Galicia para o cálculo da risga: 14% do IPREM para a segunda persoa, 12% para a terceira e 10% para a cuarta e sucesivas” engádese o seguinte “agás na medida de prestacións de apoio ó comedor escolar, que virán recollidas no Título cuarto, art. 20.”

Tamén no art. 20, que deberá dicir “...unha vez descontados os gastos recollidos no apartados d) e e) (aluguer e subministracións básicas) do artigo 4 que puidesen corresponder en cada caso, o límite de ingresos para acceder á prestación de apoio ao comedor escolar, nos seus distintos importes, serán os establecidos na seguinte táboa. O límite de partida para esta medida será o 100% do IPREM para unha axuda do 100% do coste, do 200% do IPREM para unha axuda do 60% do coste e do 250% do IPREM para unha axuda do 40% do coste. A este límite de partida para unha persoa se lle engadirán as seguintes porcentaxes en función das persoas que conformen a unidade de convivencia: 18% para a segunda persoa, 40% para a terceira persoa, 66% para a cuarta persoa e 12% para a quinta e sucesivas.”

Finalmente dá conta do erro detectado pola voceira do grupo “Socialista” na táboa recollida no Anexo I, que tiña razón, polo que se procede a subsanalo e relata os diferentes apartados da salientada táboa do Anexo I-Punto 4, en cando á prestación de apoio a comedores escolares.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a M^a Dolores Silva, anunciando o voto a favor do seu grupo, tendo en conta que as alegacións foron resoltas xa estaban contempladas estas modificacións agora postas de manifesto nesta sesión





CONCELLO DE OLEIROS

plenaria. Incide na necesidade destas axudas e que se doten de orzamento suficiente para que cheguen á poboación máis necesitada e lembran que as axudas establécense cuns tramos de renda para poder acceder, o que é normal. Esperan que non volva acontecer o deste ano para os vindeiros, polo que debería estar o procedemento afianzado na concellería de servizos sociais, pero o que solicitan é que quede convenientemente publicitada e comunicada ás entidades e persoas que poidan acceder a estas axudas.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Camen Acuña**, salientando que o seu grupo xa se manifestou en contra desta ordenanza cando o goberno municipal de Alternativa dos Veciños presentouna no pleno antes de sometela ó período de alegacións e fixérono, porque a medida estrela que se lles presentaba nesa proposta de modificación da ordenanza era o paso dos comedores escolares da concellería de ensino á de servizos sociais.

Neste intre xa dixeron que pensaban que se trataba dun erro grave, dado que o tempo do comedor é moi aproveitable para a educación das persoas, é tempo para a conciliación, concertación, integración e para a socialización. A axuda para comedores escolares entenden que non vai só de achega económica, vai de bastante máis e van votar non porque esta ordenanza está mal feita, como demostra que nada máis iniciarse o período de alegacións, quen primeiro a emendou foi o propio técnico responsable da concellería de servizos sociais.

Así que o goberno municipal, a toda presa, levou esa modificación emendada polo técnico municipal á xunta de goberno local, entenden que para tratar de lavar os trapos sucios e así poder aplicar esa ordenanza reformada e xa emendada neste mesmo curso escolar, pero o resultado está aí na rúa, o lío grande que está montado coas achegas ós comedores escolares e ademais, ratifican o seu voto negativo porque se este lío pasou co único punto da ordenanza que xa se está a aplicar, que se pode esperar cando se chegue a aplicar os demais puntos da ordenanza, celebra que se teña corrixido ese erro apuntado polo seu grupo, pero aínda así non son suficientes as achegas para as necesidades que existen na rúa.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, explicando que xa votaran a favor antes da presentación de modificacións, no seu intre o BNG xa presentara unha moción e retirárala dado o compromiso do goberno local de redactar unha nova ordenanza, tendo en conta as súas propostas sen entrar en contías económicos, que así fixeron e solicitaron que esta ordenanza fose redactada polo departamento de servizos sociais, que así tamén se fixo e para o seu grupo o resultado foi bo. En canto ó tema de comedores, hai unha moción presentada polo grupo “Socialista” polo que non vai repetir argumentos e falará logo cando se expoña.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de setembro de 2024, acadándose o resultado de **dezoito (18) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do





CONCELLO DE
OLEIROS

grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Belén Taboada Casal, concelleira de Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Oleiros

EXPÓN QUE:

▪ No período de exposición pública da *“Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros”*, aprobada inicialmente o pasado 27/06/2024 polo Pleno do Concello de Oleiros, detectouse a necesidade de modificar de forma puntual dous aspectos do dito texto no que se refire ás prestacións de comedores escolares, co fin de incrementar os límites máximos de ingresos para que unha maior número de familias puideran ter acceso. En concreto as porcentaxes que corresponden por cada persoa da unidade de convivencia así como o límite máximo en relación ao IPREM. Ambas modificacións do texto figuran recollidas de forma detallada no informe proposta elaborado polo coordinador de Servizos Sociais e que se se achega coa presente proposta.

▪ Ditas modificacións xa foron incorporadas á convocatoria de prestacións de apoio para comedores escolares para o curso 2024/25 e aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 26/07/24, no que ademais tomou o acordo de ter en conta esas modificacións na aprobación definitiva da Ordenanza de Medidas de Inclusión Social do Concello de Oleiros.

▪ Con data de 19/08/2024 o coordinador do Departamento de Servizos sociais emite informe sobre do texto que se achega para modificar, coa seguinte xustificación:

▪ O pasado 27/06/2024 foi aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Oleiros a *“Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros”* O dito acordo foi publicado no BOP da Coruña o 05/07/24 quedando sometido a información pública para presentar alegacións ou suxerencias por un prazo de 30 días hábiles que rematan o vindeiro 20/08/24, inclusive.

▪ Revisado o texto, coincidente en moitos puntos coa convocatoria de prestacións de apoio para comedores escolares para o curso 2024/25 e que se abriu de forma paralela, detectáronse unha serie de aspectos e puntos tanto da convocatoria como da ordenanza susceptibles de ser melloradas co fin de beneficiar a un maior número de persoas.

▪ As ditas melloras foron trasladadas á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación no que se refire á convocatoria para o curso 2024/25. Este órgano aprobou en sesión do 26/07/24 os ditos cambios así como o seguinte acordo: *“Iniciar os trámites necesarios para que esta modificación sexa tida en conta na aprobación definitiva da Ordenanza de Medidas de Inclusión Social do Concello de Oleiros, actualmente en período de exposición pública”*

▪ É necesario, polo tanto, trasladar ao Pleno de Concello de Oleiros, unha proposta de modificación da Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros nos aspectos e termos coincidentes coa modificación levada a cabo na convocatoria de prestacións de apoio para comedores escolares para o curso 2024/2025.

En base ao exposto, **PROPONSE AO CONCELLO PLENO:**

PRIMEIRO.- A aprobación por parte do Pleno das seguintes modificacións no texto aprobado inicialmente da Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros para a súa publicación definitiva.

a) No artigo 4.C, onde di: *“Os ingresos da unidade familiar non poderán superar o límite establecido para cada unha das medidas. A determinación das contías límites de acceso teñen como referencia unha porcentaxe do IPREM establecido para cada ano, distinta en cada unha das medidas; así como a suma das porcentaxes correspondentes a cada persoa a maiores da solicitante da unidade familiar seguindo*





os criterios establecidos na lei de inclusión social de Galicia para o cálculo da risga: 14% do IPREM para a segunda persoa, 12% para a terceira e 10% para a cuarta e sucesivas.”

Deberá dicir: “Os ingresos da unidade familiar non poderán superar o límite establecido para cada unha das medidas. A determinación das contías límites de acceso teñen como referencia unha porcentaxe do IPREM establecido para cada ano, distinta en cada unha das medidas; así como a suma das porcentaxes correspondentes a cada persoa a maiores da solicitante da unidade familiar seguindo os criterios establecidos na lei de inclusión social de Galicia para o cálculo da risga: 14% do IPREM para a segunda persoa, 12% para a terceira e 10% para a cuarta e sucesivas, **agás na medida de Prestacións de Apoio ao Comedor Escolar, que virán recollidas no Título cuarto, Artigo 20**”

b) No artigo 20, no terceiro parágrafo onde di: “Unha vez descontados os gastos recollidos no apartados d) e e) do artigo 4 que puidesen corresponder en cada caso, o límite de ingresos para acceder á prestación de apoio ao comedor escolar, nos seus distintos importes, serán os establecidos na seguinte táboa. O límite de partida para esta medida será o recollido no anexo I para unha persoa, engadindo as porcentaxes recollidas no apartado c) do artigo 4 en función das persoas que conformen a unidade de convivencia.”

Deberá dicir: “Unha vez descontados os gastos recollidos no apartados d) e e) do artigo 4 que puidesen corresponder en cada caso, o límite de ingresos para acceder á prestación de apoio ao comedor escolar, nos seus distintos importes, serán os establecidos na seguinte táboa. **O límite de partida para esta medida será o 100% do IPREM para unha axuda do 100% do coste, do 200% do IPREM para unha axuda do 60% do coste e do 250% do IPREM para unha axuda do 40% do coste. A este límite de partida para unha persoa se lle engadirán as seguintes porcentaxes en función das persoas que conformen a unidade de convivencia: 18% para a segunda persoa, 40% para a terceira persoa, 66% para a cuarta persoa e 12% para a quinta e sucesivas.**”

c) A táboa recollida no **Anexo I no punto 4. Prestación de apoio a comedores escolares** deberá ser substituída pola seguinte:

4. PRESTACIÓN DE APOIO AOS COMEDORES ESCOLARES

	* 100 % do IPREM	* 200 % do IPREM	* 250 % do IPREM
Nº DE PERSOAS NA UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE PARA BONIFICACION 100%	IMPORTE PARA BONIFICACION 60%	IMPORTE PARA BONIFICACION 40%
1	600,00 €	1.200,00 €	1.500,00 €
2	708,00 €	1.308,00 €	1.608,00 €
3	840,00 €	1.440,00 €	1.740,00 €
4	996,00 €	1.596,00 €	1.896,00 €
5	1.068,00 €	1.668,00 €	1.968,00 €
6	1.140,00 €	1.740,00 €	2.040,00 €
7	1.212,00 €	1.812,00 €	2.112,00 €

SEGUNDO.- Incorporar as ditas modificacións ao texto definitivo da Ordenanza das Medidas de Inclusión Social do Concello de Oleiros para a súa publicación.”





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 5.- Aprobación inicial da modificación de créditos numero 2024/MODOR/000035 sobre o orzamento de 2024, de Transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto da área de Obras Públicas.

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que o departamento de obras públicas formula unha proposta o 17 de setembro deste ano de transferencias de créditos entre distintas aplicacións do Capítulo 6, de investimentos reais.

Xustifícase en que o crédito de aplicación orzamentaria 60.933.63200 resulta superior ó necesario para a execución neste ano dos proxectos incluídos na mesma. En concreto, no remanente do proxecto de construción dun edificio multiusos, en Bastiagueiro, segundo o reaxuste realizado no expediente con data de 31 de xullo pasado e trala sinatura do contrato modificado no mesmo en setembro, debido a demoras na tramitación do expediente.

Como consecuencia deste feito, propónse ampliar o crédito dispoñible noutras aplicacións para dotalas de crédito axeitado e suficiente e así acadar os obxectivos previstos na concellería de obras públicas, de aí que se achegue esta modificación orzamentaria, por transferencia de créditos, a detraer da partida sinalada 60.933.63200 para construción dun edificio multiusos en Bastiagueiro, por un importe de menos 595.000 €.

As partidas que se verán incrementadas, serán as de mellora de accesibilidade e seguridade viaria, con 15.000 €; a de mellora en pavimentacións de rúas e camiños, con 400.000 €; obras varias de renovación de redes de pluviais, con 50.000 €; melloras en varias beirarrúas municipais, por 30.000 € e as melloras e reformas en instalacións deportivas, por 100.000 €.

Estas operacións realízanse en base á proposta de reaxuste de anualidades do arquitecto técnico municipal de 31 de xullo de 2024, para a execución do proxecto de construción dun edificio multiusos en Bastiagueiro, consistente na minoración do crédito correspondente ás anualidades 2023 e 2024 da citada obra, por un importe de 593.472,90 € e 785.234,88 €, respectivamente, e no incremento da anualidade de 2025 en 1.378.707,78 €.

A aprobación do salientado reaxuste de anualidade é de competencia do órgano de contratación, polo que neste caso estase a falar da xunta de goberno local, acordo que xa foi tomado nestes días pasados que posibilita a adopción de acordo en canto á presente proposta.

Unha vez aprobada a proposta, dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles, mediante publicación de edicto no BOP, unha vez transcorrido ese prazo sen que se presenten reclamacións ó efecto, entenderase definitivamente aprobada a modificación, dispoñéndose a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos na lexislación vixente, remitíndose copia á Admón. do Estado e da Xunta de Galicia.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o voto a favor do seu grupo dado que están totalmente de acordo no destino á execución de obra pública a que se van adicar estes fondos e que neste exercicio económico non pode investirse na execución do famoso multiusos.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, pondo de manifesto que antes de anunciar o senso de voto do seu grupo, quere facer unhas reflexións. A primeira é que os modificativos de créditos amosan unha falla





CONCELLO DE
OLEIROS

de previsión, de proxecto e de ineficiencia na xestión dos recursos públicos. Un modificativo de crédito non deixar de ser máis que unha adulteración do orzamento aprobado e máis, cando se conta con maioría suficiente e non hai excusas en canto a negociacións con outras forzas políticas.

O segundo punto é que estes cambios non son máis que a imaxe dun proxecto esgotado e sen futuro, incapaz de dar respotas á veciñanza de Oleiros, porque estase noutra máis nunha intervención chapuceira como é a construción do multiusos, un capricho do alcalde.

Como apareceu auga, algo que xa se sabía desde o ano 2005, por mor dun estudio existente no concello e que curiosamente esta circunstancia non se tivo en conta no proxecto de obra do ano 2023. O caso é que a empresa construtora vai cobrar 2 millóns máis pola negligencia do goberno municipal e aquí segue sen asumir ninguén as responsabilidades políticas, pero vai cobralos un pouco máis tarde, porque a tradución resumida é que ante a imposibilidade de certificar máis obra da construción do edificio multiusos neste ano de 2024, liberan 695.000 € ou 595.000 €, non sabe cal das dúas cantidades, porque na documentación figuran as dúas cantidades e na comisión do venres pasado non foron quen de aclaralo.

E, punto terceiro, este modificativo propón cousas coas que están moi de acordo; mellora da accesibilidade, seguridade viaria e visibilidade de pasos de peóns no concello, mellora na pavimentación en rúas e camiños municipais, obras varias de renovación na rede de pluviais, melloras en varias beirarrúas e en instalacións deportivas municipais para este ano 2024, coas que evidentemente están completamente de acordo.

Pero é que con esta proposta o que lles están é a dar a razón, porque liberando tan só da contía de custe do edificio multiusos tan so un 4 ou 5% do total dos 14 millóns dá para facer investimentos de verdade e o goberno municipal seguen alimentando o pozo sen fondo do multiusos e cuarto e último, non pensa o goberno municipal que eses 14 millóns mal gastados que vai custar o multiusos estarían mellor investidos en atender necesidades como as que remata de dicir, que melloran a vida da veciñanza, en axudar ós fillos e fillas para que poidan ter no futuro unha vivenda en Oleiros, para arranxar as tubaxes de auga e saneamento que rompen a diario porque teñen moitos anos, a facer esas beirarrúas que tanta falta fan, a arranxar esas pistas asfaltas que lles afogan e este é o motivo que os leva a absterse neste punto e seguen sen coñecer se existe un estudio sobre a estimación de retorno futuro dunha obra que se funde a metade da partida de investimento no ano 2024 e tamén no 2025; este ano un 13% do total do orzamento municipal e a metade do de investimentos.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que como sabe todo o mundo él é músico e na festa cando todo o mundo estaba esgotado, os músicos de tocar e a xente de bailar, e a xente pedía outra e outra, existe un dito popular entre os músicos que dicía “a mesma pero máis cargada de bombo”, que é o que fai tódolos días o concelleiro do grupo “Socialista”, non existen outros argumentos e sempre é o mesmo e este goberno municipal investiu neste exercicio máis de 15 millóns de euros en obra.





CONCELLO DE OLEIROS

Tamén, pola voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, aclara ante as manifestacións do concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. Fernández, que non é como remata de dicilo porque esa dubida foi resolta polo interventor na xuntanza da comisión informativa, polo que non existe ningún erro.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de setembro de 2024, acadándose o resultado de **dezaoto (18) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“O departamento de Obras Públicas formula proposta de data 17/09/24 de transferencias de crédito entre distintas aplicación do capítulo 6 de investimentos reais.

Xustifícase en que o crédito da aplicación orzamentaria 60.933.63200 resulta superior ao necesario para a execución neste ano dos proxectos incluídos na mesma. En concreto, no remanente do proxecto de Construción dun edificio Multiusos en Bastiagueiro, segundo o reaxuste realizado no expediente con data 31 de xullo do 2024 e tras a sinatura do contrato Modificado do mesmo con data 4 de setembro do 2024, debido a demoras na tramitación do expediente.

Como consecuencia deste feito, propónse ampliar o crédito dispoñible noutras aplicacións para dotalas de crédito axeitado e suficiente e así conseguir os obxectivos da área de Obras Públicas.

Por este motivo, propón a aprobación dunha modificación orzamentaria por transferencia de créditos entre as seguintes aplicacións:

Aplicación que se minora:

DA APLICACIÓN	Proxecto	IMPORTE
60.933.63200 Xtión Patr. Inv. Rep. Edif. e Outras Constr.	2024049 Construción de edificio Multiusos en Bastiagueiro (proxecto inicial: 2023052)	-595.000,00€

Aplicacións que se incrementan:

Á APLICACIÓN	Proxecto	IMPORTE
60.134.61900 OOPP. Mobilidade urb. Inv. nova.inf. e BUX	2024030 Mellora accesibilidade, seguridade viaria e visibilidade pasos de peóns no concello de Oleiros	15.000,00€
60.1531.61900 OOPP Acceso Nuc.Pob. inv.reposic.Inf. e Bens u.x.	2024033 Mellora en pavimentacións de rúas e camiños do concello	400.000,00€
60.160.61900 OOPP Rede de sumidoiros In Rep. Infr e bux	2024040 Obras varias renovación nas redes pluviais do concello	50.000,00€
60.1532.61900	2024036 Melloras en varias beirarrúas do concello	30.000,00€





CONCELLO DE
OLEIROS

OOPP Vías pbcas. Inv. Reposic.: Inf. e Bens u.x		
60.342.63200 Dep.Inst.dep.inv.rep.edif. E constr	2024048 Melloras e reformas inst. Deport. Municipais no ano 2024	100.000,00€
Total		595.000,00€

Por todo o que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación de crédito 2024/MODOR/000035, de Transferencia de créditos, entre diferentes áreas de gasto, nas aplicacións orzamentarias que se indican:

DA APLICACIÓN	Proxecto	IMPORTE	Á APLICACIÓN	Proxecto	IMPORTE
60.933.63200 Xtión Patr. Inv. Rep. Edif. e Outras Constr.	2024049 Construción de edificio Multiusos en Bastiagueiro. (proxecto inicial: 2023052)	-595.000,00€	60.134.61900 OOPP. Mobilidade urbana. Inv. nova.inf. e BUX	2024030 Mellora accesibilidade, seguridade viaria e visibilidade pasos de peóns no concello de Oleiros	15.000,00€
			60.1531.61900 OOPP Acceso Nuc.Pob. inv.reposic.Inf. e Bens u.x.	2024033 Mellora en pavimentacións de rúas e camiños do concello	400.000,00€
			60.160.61900 OOPP Rede de sumidoiros In Rep. Infr e bux	2024040 Obras varias renovación nas redes pluviais do concello	50.000,00€
			60.1532.61900 OOPP Vías públicas. Inv. Reposic.: Inf. e Bens u.x	2024036 Melloras en varias beirarrúas do concello	30.000,00€
			60.342.63200 Dep.Inst.dep.inv.rep.edif. E constr	2024048 Melloras e reformas inst. Deport. Municipais no ano 2024	100.000,00€
Total		-595.00,00€			595.000,00€

Ao respecto da aplicación que se minora (60.933.63200 Xtión Patr. Inv. Rep. Edif. e Outras Constr.), cómpre sinalar que o arquitecto técnico municipal formulou con data 31/07/2024 unha proposta de reaxuste de anualidades do contrato de Construción dun edificio multiusos en Bastiagueiro (Expediente 2022/EGOBR/000094), consistente na minoración do crédito correspondente ás anualidades de 2023 e 2024 da citada obra, por importe de 593.472,90 euros e 785.234,88 euros respectivamente, e no incremento da anualidade de 2025 por 1.378.707,78 euros.

A aprobación do dito de reaxuste de anualidades compete ao órgano de contratación, polo que neste caso corresponde Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, o presente acordo de aprobación de transferencia de crédito queda condicionado á aprobación previa por parte da Xunta de Goberno Local da proposta de reaxuste de anualidades formulada o 17/09/2024 polo 4º tenente de Alcalde delegado de Obras Públicas e Medio Ambiente,





CONCELLO DE
OLEIROS

Servizos Municipais e Parques e Xardíns, para o contrato de Construción dun edificio multiusos en Bastiagueiro.

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de 15 días hábiles mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.”

Punto 6.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de Facenda relativa ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto previstos na Lei orgánica 2/2012, correspondentes ao segundo trimestre de 2024

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 2º trimestre de 2024.

Punto 7.- Dar conta do Decreto da Alcaldía número 2024004756 de 13/09/2024, polo que se aproban as liñas fundamentais nas que se están a elaborar os orzamentos de 2025

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria toman coñecemento do Decreto da Alcaldía nº 2024004756 de 13/09/2024, polo que se aproban as liñas fundamentais nas que se están a elaborar os orzamentos do 2025.

Punto 8.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 2º trimestre de 2024

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 2º trimestre de 2024.

Punto 9.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024003930 ata o 2024004897

Tódalas concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024003930 ata o nº 2024004897, ambos incluídos.

Punto 10.- Mocións, rogos e preguntas





CONCELLO DE
OLEIROS

- **mocións**

O alcalde D. **Ángel García**, expón que se presentaron dúas mocións por cada grupo político, empezando logo polas presentadas polo grupo municipal “Popular”.

A primeira a tratar sería a proposta por “Alternativa dos Veciños e, de seguido, dá a palabra á voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños.

10.1.- Moción do grupo municipal “Popular” en defensa dun sistema de financiamento xusto e solidario entre as comunidades e cidades autónomas

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Dolores Silva**, voceira do grupo “Popular”:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España e o seu modelo territorial atópase nunha encrucillada crítica. O goberno instaurou unha forma de facer política que desprazou o interese xeral e o ben común, centrando a súa atención unicamente nas ambicións políticas e persoais do actual presidente. Como consecuencia disto, os españois padecemos decisións políticas arbitrarias que danan o noso Estado de Dereito e o noso Estado de Benestar.

A colección de cesións xa asumidas polo presidente do goberno para asegurar a súa continuidade na Moncloa provocou un deterioro sen precedentes da saúde do noso Estado de Dereito. Hoxe, a todas elas súmanse as pactadas entre o PSOE e ERC para asegurarse unha investidura en Cataluña e unha prórroga da investidura nacional pactadas hai menos dun ano. Entre elas, a peaxe separatista que suporía a quebra do dereito que temos todos os españois a acceder nas mesmas condicións a servizos públicos como a sanidade, a educación ou a dependencia, así como unha ruptura do sistema de financiamento autonómica sen diálogo, consenso, nin ningún estudo técnico que lo avale.

Á colonización e degradación das institucións, súmase o control dos recursos de todos a conveniencia das súas necesidades persoais. Con elo, consúmase a quebra dun dos valores democráticos máis esenciais que protexe a nosa Constitución: a igualdade. Desde o punto de vista territorial, por canto desequilíbrase o sistema na prestación de servizos públicos e tamén desde o punto de vista social, pois os maiores perxudicados serán os cidadáns que máis necesitan eses servizos.

O Estado é responsable da xestión adecuada dos recursos públicos, así como da súa redistribución para garantir a igualdade de oportunidades de todos os españois ó marxe da súa situación económica. Se o goberno renuncia a todos os impostos nunha comunidade autónoma, renuncia tamén a unha fonte de ingresos para reducir desigualdades e permite que unha parte dos cidadáns deixe de contribuír en igualdade de condicións a soste servizos públicos do Estado, incluídos os que axudan a redistribuír a renda persoal.

Esta ruptura dos principios de equidade e solidariedade conta coa permisividade do Partido socialista e, como representantes públicos, non debemos renunciar a defender a igualdade de todos os españois. Un goberno non pode dispoñer dos dereitos dos españois ó seu antollo, nin converter o noso país nun mosaico de intereses contrapostos onde a nosa diversidade e a nosa organización territorial se usen para enfrontar a cidadáns libres e iguais en dereitos.

Os problemas institucionais, sociais e económicos que esta decisión xera, van máis aló da situación actual e do lexítimo debate sobre os modelos de financiamento. É un grave erro político e moral dinamitar o noso modelo de convivencias se replantexar por completo o sistema de financiamento autonómica, tema que o goberno ignorou durante anos, xunto coa revisión do financiamento local, unicamente por asegurar unha investidura.

Non debemos aceptar a adopción da linguaxe independentista que equipara a Cataluña cos partidos separatistas. Esta visión non so distorsiona a realidade, senón que tampouco esta proposta beneficiaría ós propios cidadáns cataláns. O obxectivo final do independentismo é facerse co control financeiro, a chamada “chave da caixa”; para seguir





CONCELLO DE
OLEIROS

impulsando o desafío do procés mediante novos mecanismos, o que non faría máis que afondar na decadencia política e social que afecta á rexión.

Así o declararon os únicos verdadeiros agradecidos do acordo, os políticos separatistas, para os que a independencia fiscal é o paso previo a culminar a declaración de independencia total que iniciaron no 2017. Eles, constataron que é imposible acadar a independencia sacando a Cataluña do Estado, agora pretenden obtela sacando ó Estado de Cataluña, unha tarefa na que atoparon como aliado ó actual presidente do goberno.

O inaudito é que o POSE decidiu non só colaborar con este propósito, senón erixirse no seu máximo artífice e defensor, desprotexendo á nación de forma tan irresponsable cando as forzas independentistas recoñecen abertamente que a fin última dos recursos económicos adicionais que pretenden axenciarse a costa dos demais non é fortalecer o benestar de ninguén, senón unha estrutura administrativa que lles permita repetir o golpe do 2017, con maiores garantías. Non se trata dun mellor financiamento dos servizos públicos, nin tan sequera dunha comunidade autónoma. Trátase de financiar, cos recursos de todos, un propósito ideolóxico excluínte.

Pero por riba de todo, esta concesión dinamita o sistema de dereitos e deberes que nos dimos na Constitución de 1978 e sobre o que temos cimentado un estado social e democrático de dereito, así como unha sociedade baseada na igualdade e solidariedade en termos económicos, sociais e de convivencia. A única forma de garantir o privilexio fiscal ó independentismo é perxudicando ó conxunto dos españois, singularmente a aqueles que máis o necesitan das políticas públicas como elemento de cohesión e igualdade social. Isto constitúe unha flagrante ruptura da solidariedade.

Por todo o exposto, o grupo municipal “Popular presenta a seguinte moción para instar ó goberno de España a:

- Defender a igualdade a solidariedade como principios irrenunciáveis do ordenamento constitucional e do estado autonómico na toma de decisións.
- Paralizar calquera avance cara a independencia fiscal solicitada polo separatismo.
- Convocar de maneira urxente a conferencia de presidentes autonómicos, co obxectivo de recuperar as mínimas bases do consenso e abordar conxuntamente, e desde a multilateralidade, a renovación do actual sistema de financiamento autonómico.
- Garantir que a multilateralidade e transparencia sexan os principios sobre os que se fundamentará o proceso de estudo, traballo e aprobación do novo sistema de financiamento autonómico; abandonando a bilateralidade coas CCAA.
- Convocar de maneira urxente o consello de política fiscal e financeira e a comisión nacional de administración local para promover unha reforma do sistema de financiamento local conxuntamente coa financiación autonómica. En ámbolos casos, débese atender a todas as variables existentes en cada territorio que garantan a suficiencia financeira autonómica e a prestación de servizos en igualdade de condicións.
- Basear a reforma do sistema de financiamento no análise de datos, traballando na cuantificación do futuro gasto en sanidade e políticas sociais, derivados do envellecemento da poboación.
- Respecto á autonomía fiscal das comunidades e a todas as competencias autonómicas e locais, recollidas na constitución e nos diferentes estatutos de autonomía.
- Ampliar o actual montante económico total do sistema de financiamento autonómica y, en paralelo á reforma do mesmo, crear un fondo transitorio para paliar o infrafinanciamento que padecen tódalas comunidades autónomas.
- Garantir a cogobernanza dos fondos Next Generation e futuras axudas económicas UE.
- Facilitar ás comunidades autónomas dispoñer dos 18.000 millóns de euros de fondos europeos que o goberno non executou, coa fin de evitar a devolución dos mesmos á UE.





CONCELLO DE OLEIROS

- Dar traslado destes acordos á presidencia do goberno; á Vicepresidenta primeira e Ministra de Facenda; ó Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática; ós voceiros parlamentarios no Congreso dos Deputados, do Senado e á Xunta de Goberno da FEMP.”

Engade a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, que espera que estean de acordo con esta moción dado que é unha reclamación que ven facendo o alcalde ultimamente en prensa, en canto a que lle escoite o goberno e procede ó financiamento de varios proxectos que afectan a Oleiros e á comarca.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que este asunto pertence ó Parlamento do Estado ou Galego, pero non deste pleno municipal. De tódolos xeitos, ante a alusión feita pola voceira do grupo “Popular” coincide en que seguirá insistindo para que tanto o goberno galego coma o do estado saiban que existen e que aporten financiamento para realizar proxectos na comarca da Coruña así que, sen máis, procede pasar directamente á votación da urxencia.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear a urxencia da moción* presentada polo grupo municipal “Popular”.

Para rematar engade o alcalde, D. **Ángel García**, que o que hai que elevar estas propostas é ó Parlamento do Estado e aprobar os orzamentos para que tanto as comunidades autónomas coma os concellos poidan ter máis recursos.

10.2.- Moción do grupo municipal “Popular” sobre o mantemento da rede de auga

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Dolores Silva**, voceira do grupo “Popular”:

“O grupo municipal “Popular” no Concello de Oleiros, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó pleno municipal a seguinte proposta de resolución/moción:

Tal e como ven acontecendo de xeito habitual esta última semana producíronse novas roturas de tubaxe en Os Regos e nas proximidades da Avda. Ernesto Che Guevara.

Ademais destas reparacións que se acometen de urxencia, debería estarse levando a cabo a reposición das canalizacións antigas. Seguimos perdendo auga e cartos coas constantes fugas e reparacións.

Agora é unha empresa municipal e deberíamos empezar a ver cambios na xestión tal e como se pretendía un abaratamento do custe. Recentemente, produciuse un cambio de xerente debido, segundo explicaron a unha mala xestión. Novo xerente, nova xestión ¿Onde está o cambio?.

Lembrámoslles que no seu intre xa indicaron que o orzamento para reparacións debería ser maior e que a solución pasa por ir renovando a rede. En breve, presentarase un novo orzamento no que esperan non sexa simplemente copia e pega do anterior e se contemplan todas estas necesidades que veñen denunciando día a día. Falouse de renovar 300 quilómetros de tubaxe, cun investimento de 2 millóns, pero esta partida non estaba prevista no orzamento e tendo en conta que esa é a contía que se debe aumentar para a construción do multiusos, gustaríalles saber cómo se vai afrontar ese gasto.





CONCELLO DE OLEIROS

Os cortes de auga intermitentes, a auga turbia, o deterioro sufrido polos electrodomésticos, gastos que afronta os veciños, é constante e débese en moitos casos ó lixo que arrastran as canalizacións e, incluso, á area coa que se tapan os buratos realizados nas reparacións.

Por todo isto, instase ó concello a:

- Instalar contadores para evitar as fugas e perdas de auga.
- Incluír nos orzamentos a contía suficiente para afrontar as reparacións.
- Realizar un estudo cuantitativo das perdas ocasionadas ó concello trala municipalización de SERGESCO.
- Facer un plan de reposición, en varias fases.”

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que antes de proceder a votar a urxencia para tratar ou non a moción presentada, aclararlle ó grupo “Popular” que no texto da moción teñen un erro porque o concello non municipalizou SERGESCO, o que creou foi unha empresa pública, aclarado isto, orde que se pasa de seguido á votación da urxencia.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar a moción* presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que o seu grupo entende que é unha necesidade urxente e desatendida dotar ó concello dunha rede de saneamento coa capacidade suficiente para atender as necesidades dun servizo público esencial por salubridade, que dá mostras continuas de deficiencia e mala planificación, mentres destinan 14 millóns de euros á execución do edificio multiusos, un capricho do alcalde...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, sinálalle ó concelleiro Sr. Fernández que se está tratando unha moción sobre a rede de auga, polo que debe centrarse ó asunto en cuestión.

Segue coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que os desbordamentos da rede de sumidoiros son habituais por choiva e sempre foi uns dos temas que o seu grupo puxo enriba da mesa, a mellora da rede de auga e sumidoiros municipal, adecuándoa ó crecemento de poboación, ó igual que o das estradas, que son insuficientes como para dar cabida a todo parque móbil do concello. Solicitaron xa en varias ocasións a execución dunha rede separativa de pluviais, que debería ser un complemento para esta moción, porque a verdade é que a web municipal sinala que existe unha rede separativa, pero a realidade é que coa chegada da choiva esta evacúa na rede de saneamento, producíndose graves problemas en diferentes puntos municipais.

Nunha moción que presentou o seu grupo no mes de abril solicitando a execución de todas estas propostas, pediron tamén que o concello se comprometera a que non se executaran máis urbanizacións antes da reparación e





CONCELLO DE
OLEIROS

actualización das redes de auga e saneamento, dado que a execución de novas urbanizacións van saturar aínda máis un servizo deficiente que se está a prestar ás vivendas, incrementándose os problemas neste ámbito. É dicir, nalgún intre vai haber que pensalo, porque habitualmente o alcalde refírese a que Oleiros aínda ten capacidade para a un novo plan de urbanismo e construír unhas 10.000 vivendas máis, e cousas polo estilo, polo que isto incrementará notablemente os problemas actuais tanto nesta materia como nas vías de comunicación. A rede de saneamento está a romper de seguido, existen tramos antigos con tubaxe de plomo, de fibrocemento ou amianto, que é tóxico, e mentres que iso debería ser unha prioridade do goberno municipal, coa execución dun plan priorizando aquelas zonas que peor están, para iso teñen a información porque non está SERGESCO, pero si AQUAOLEIROS. Por iso e porque vostedes son os membros do consello de administración desta empresa pública e, polo tanto, os directores políticos e económicos da mesma, planifiquen axeitadamente esa renovación de tubaxe, sáquenlle o amianto ás tubaxes de abastecemento, porque é bastante máis importante que outras prioridades que antepoñen, dedicando a metade do orzamento de investimento dos anos 2023, 2024 e 2025 ó multiusos e perdoen que volva a repetilo, pero é unha barbaridade, ademais tal e como o están xestionando, con erros recorrentes no proxecto, malos informes, sobre custe, etc. e que noutros concellos provocarían a dimisión ou cese dos seus responsables políticos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que a moción presentada polo PP a ve axeitada, parecéndolle as súas demandas razoables e construtivas, polo que vana votar favorablemente.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que unha vez máis veñen ó pleno a facer demagogia pero a realidade é que descoñecen o que acontece en Oleiros dun xeito máis que evidente. Deben pensar no por qué leva Alternativa dos Veciños corenta e seis anos gobernando o concello, ou é que pretenden poñer en dúbida a capacidade da veciñanza cando van votar, porque parece que é o que parecen dicir.

Neste intre, procede a enumerar as actuacións realizadas na mellora da rede de pluvias e saneamento durante estes últimos anos e que acadan a totalidade de 4.739.000 €.

Con isto o que quere é desbotar os argumentos de que o goberno municipal non prevé, nin planifica nin fai nada, remata de poñelo de manifesto no relatorio de actuacións nun total de 332 quilómetros de rede existentes...

Apunta o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, que moitas conducións aínda son de fibrocemento e rachan hoxe aquí e mañán un pouco máis adiante.

Segue o alcalde, Sr. **García**, sinalando que como remata de demostrar están cambiando a tubaxe pero de xeito paulatino, non van facer os 332 quilómetros dunha vez, é imposible orzamentariamente. Ademais, engade que esa mesma exixencia debería ter co seu goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, porque por exemplo vai xa para 20 anos que non dan feito o depósito de auga en Sarro, ou a renovación da rede desde A Telva ata o Depósito de Bergondo, vinte anos de retraso, a pesares de que se desprazaron cinco alcaldes a Santiago a demandarlles que o





CONCELLO DE
OLEIROS

fixeran dunha vez, deixen de demagogia e exixan a execución de obras que ten que levar adiante a Xunta de Galicia e tamén outras que son municipais e nas de Oleiros, o goberno municipal está a traballar a diario.

Non producíndose máis intervencións, da orde do alcalde procédese á votación da moción presentada.

Votación da moción

Pasándose de seguido á votación da declaración de urxencia, prodúcese o resultado de **oito (08) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexeitar a moción* presentada polo grupo municipal “Popular”.

10.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” sobre a redacción dun Plan de Turismo para o Concello de Oleiros

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D^a **M^a Carmen Acuña**, voceira do grupo “Socialista”:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A industria do ocio é un dos principais factores económicos da nosa contorne, nesta época de deslocalización industrial e alimentaria. Aproveitar o privilexio das nosas paisaxes, a calidade da nosa gastronomía e o noso proverbial sentido acoledor é a misión das políticas públicas que se organizan dende o Concello”.

Así arranca a paxina de turismo do noso Concello, pois ben, dende o GM Socialista pensamos que para que todo isto se manteña no tempo e, moi especialmente, por mor de que persista o noso proverbial sentido acoledor, é imprescindible plantexar xa un Plan de Turismo para Oleiros.

Un Plan que regule, pero sobre de todo, un Plan que ordene o turismo. Non podemos permanecer de brazos cruzados mentres vemos como cada ano, nos meses do verán, sobre todo en agosto, se triplica a poboación en Oleiros sen ter deseñado un completo plan para acoller e dar servizos e cobertura a esa gran demanda temporal, sen prexudicar arrinconar e esquecer a poboación que reside aquí todo o ano.

Estamos vendo xa na rúa como xorden problemas de convivencia como é lóxico cando os servizos e recursos que temos para unha poboación de 37.000 téñense que adaptar a unha de 70.000? 80.000? ou 90.000?, nin sequera sabemos canto de grande é ese brusco incremento. O que está claro é que durante un tempo ese incremento de poboación invade unhas estradas xa colapsadas sen turismo, unhas vivendas sempre insuficientes, e uns servizos que se desbordan, e quedando case ata sen espazo nas praias. Pensemos e actuemos antes de que isto se descontrole e Oleiros morra de éxito.

Non se pode mirar para outro lado e deixar que os veciños e veciñas, que os hostaleiros e que os e as profesionais oleirenses segan asumindo a carga da responsabilidade facendo como poden para saír do lío mentres o Concello se inhiibe. Non podemos seguir negando ou utilizando eufemismos como que “en Oleiros non hay alugamento vacacional, non hai alugamento turístico, so hai alugueiro de temporada...”. En Oleiros temos un serio problema co prezo da vivenda, e ese problema se incrementa exponencialmente cos alugueiros turísticos. Cada un que alugue o que poida ou queira pero que sexa un alugamento regulado e sometido aos impostos correspondentes.

Necesitamos un plan de turismo que sexa sostible socialmente, economicamente e por suposto medioambientalmente pois todo iso está en perigo se a forte demanda turística non se atende adecuadamente.

Ademais terá que ser un plan sustentable, que protexa e respecte a nosa autenticidade, que busque a desestacionalización e que teña moi en conta a rendibilidade empresarial e o imprescindible capital humano para poder atender e dar servizo a toda esa xente que nos chega ano tras ano.





CONCELLO DE OLEIROS

Por iso hoxe o Grupo Municipal Socialista quere, por medio desta Moción, propoñer ao Pleno do Concello de Oleiros a adopción dos seguintes **ACORDOS** instando ao Goberno Municipal a que:

1. Se inicie de xeito inmediato a redacción dun Plan de Turismo para o noso concello .
2. Que dito Plan de Turismo que deberá de estar listo e posto en práctica xa na próxima tempada estival do ano 2025.”

Rematada a lectura da moción, a Sra. Acuña engade que espera contar co apoio dos demais grupos políticos municipais para aprobar a antedita moción.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que como piden na moción levan 46 anos planificando a vida municipal en Oleiros, Vía Ártabra, A Besta, Arillo, paseos, andéns, aparcadoiros, Sta. Cristina, Sol y Mar, túnel de Iñás, levan traballando a reo, non piden nada que non se estea a facer ou se fixera xa, polo que procede pasar sen máis xa á votación da urxencia da moción.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear a urxencia da moción* presentada polo grupo municipal “Socialista”.

10.4.- Moción do grupo municipal “Socialista” sobre a falla de apoio á educación e á conciliación no noso concello

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D. **Jesús Fernández**, concelleiro do grupo “Socialista”:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Socialista de Oleiros exige a aposta do Concello pola educación e denuncia neste Pleno a falta de respecto do alcalde que afirmou que *“non lle imos pagar ou comedor escolar a quen cobra ao ano oitenta mil euros”* cando a realidade é que deixou sen bolsas comedor, e sen posibilidade de conciliar, a familias de baixos niveis de renda, demostrando que só se acorda da clase media oleirense para pedir o seu voto.

Por iso traemos esta iniciativa pedindo modificar os baremos e pedindo tamén que o Alcalde deixe de mentir posto que fala de 112 bolsas concedidas mentres na lista definitiva só se concederon, tal e como nós denunciemos, 84 das máis de 430 solicitudes, o que supón que menos do 20% das familias solicitantes recibirán axuda. Mentir nun asunto tan sensible é moi grave.

A este Pleno Alternativa trae unha modificación da ordenanza aínda máis restritiva, á que nos opoñemos, e que supón a redución do límite de renda para unha familia de 4 membros dos 1896 €, cos que só se concederon 84 bolsas comedor, a 1716 €. Esta modificación ademais contradíse en diferentes partes do texto. É inaceptable e esiximos un cambio de rumbo político que priorice nas necesidades reais dos cidadáns.

Segundo os datos do Concello 352 familias oleirenses quedaron fóra das axudas para comedores escolares no curso 2024/2025 por culpa da xestión negligente dun goberno municipal que non ten os pés na terra, e non é capaz de atender as prioridades dos veciños mentres é capaz de malgastar 14 millóns de euros

nunha obra faraónica da que non se sabe cal será o seu retorno económico nin cales os gastos futuros de mantemento.





CONCELLO DE OLEIROS

Nunha nova mostra do pouco que lles interesa atender ás familias traen a Pleno unha modificación da Ordenanza na que se modifican os baremos e en TODOS os documentos previos repiten a mesma contradición:

No artigo 20, dedicado a bolsas comedor, figuran estes límites (páxinas 13 e 14):

- 100% do IPREM para unha axuda do 100% do custo,
- do 200% do IPREM para unha axuda do 60% do custo,
- e do 250% do IPREM para unha axuda do 40% do custo.

E na táboa de ingresos máximos (a páxina final):

- 90% do IPREM para unha axuda do 100% do custo,
- do 150% do IPREM para unha axuda do 60% do custo,
- e do 200% do IPREM para unha axuda do 40% do custo.

Ademais do pouco interese que demostran en atender os problemas dos veciños de Oleiros de clase media e rendas xustas esta proposta de reforma contendo erros supón inseguridade xurídica, unha burla, e, se a táboa adxunta é a correcta, supón unha redución para unha familia de 4 membros xa que o límite baixaría dos 1896 € a 1716 €, o que é inaceptable e esiximos que se corrixa. Cando preguntamos na Comisión do venres pasado non foron capaces de contestar cal era a proposta correcta se o 200 ou o 250% do IPREM para obter a beca.

Apostar pola educación debería ser unha prioridade e a resposta do Alcalde ás críticas é unha falta de respecto ás familias traballadoras para as que as bolsas comedor supoñen unha axuda económica e á conciliación. Deixar a moitas familias de Oleiros, de rendas escasas, sen bolsas comedor está a facer que mesmo algunha se estea plantexando reducir xornada laboral polo prexuízo económico e de tempo de conciliación que deixar aos nenos no comedor supoñíalle. E é mentira a súa afirmación de que *“non lle imos pagar o comedor escolar a quen cobra ao ano oitenta mil euros”*, é unha ofensa e unha nova

mostra dunha maneira de gobernar afastada da realidade dos veciños. Quen gaña 90.000 euros ao ano sumando o que cobra na Deputación e Concello de Oleiros é vostede, quizá por iso confunda as cifras cando a realidade é que, de acordo ás bases, unha familia de 4 membros que ingrese mensualmente un total de 1.896 € (menos de 25.000 € ao ano para membros), non tivo dereito a axudas, ou unha de 3 membros que ingresase máis de 1.740 €.

Máis aló da propaganda institucional do Concello cando se coñeceu a convocatoria, que dicía que *“Oleiros ampliaba as subvencións para comedores escolares”*, a realidade tüzara das cifras é que lla denegou a máis de 4 de cada cinco solicitantes, e aínda queren restrinxilas máis.

A cantidade total orzamentada para o período setembro-novembro de 2024 foi de 15.000 € aos que se podían engadir 18.000 €. Para un total de 33.000 € dispoñibles as 84 becas concedidas non chegan aos 21.000 € invertidos (20.838,42 €), a unha media de 250 € por beca en tres meses, 80 € ao mes. De ter esgotado o crédito poderían ter concedido 50 becas máis por ese importe de medio de 250 €, 50 familias oleirenses que poderían ter facilitada a súa conciliación laboral e familiar e que non gañan, nin de lonxe 80.000 € ao ano.

Visto o anterior propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1.- Que se emende a convocatoria vixente para poder atender a máis familias.
- 2.- Que se modifiquen os baremos para atender a máis familias no futuro.
- 3.- Que se execute o orzamento asignado para un labor tan importante como este.
- 4.- Que o Alcalde pida disculpas por ter ofendido a veciños oleirenses que perciben rendas medias ou, de negarse, que aporte listado (sen facilitar datos persoais de acordo á LOPD) de todos os solicitantes aos que se lle denegara a axuda e que perciban 80.000 € ou máis de renda anual.”

Votación da urxencia





Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexeitar a urxencia da moción* presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Da orde do alcalde realiza unha explicación do voto do goberno municipal a concelleira delegada de servizos sociais, D^a **Belén Taboada**, sinalando que fóra desa demagogia que rematan de escoitar, cambiando datos numéricos e outros mal interpretados, o que vai dar son datos reais das becas concedidas.

Presentáronse 437 peticións, das que foron concedidas 84 e por un importe de 75.943 €, destas 84 concesións beneficiáronse 112 menores, 52 máis que no curso escolar anterior. Denegáronse por superar ingresos 309 peticións; o 78% das solicitudes denegadas por superar ingresos estaban por riba dos 3.000 €/mes, despois de descontar hipotecas, aluguer e subministracións. Desas solicitudes foron denegadas 117 de familias que estaban entre os 5.000 e os 14.500 €/mes e son datos reais, despois dos datos que pasou a AEAT e dos cálculos realizados, polo que non sabe de onde sacou o concelleiro do grupo “Socialista” os datos sinalados no texto da moción.

Como resumo a todo isto, dicirlles tamén que a partires deste curso o procedemento permitirá garantir ás familias que precisen unha axuda, tanto íntegra coma parcial, será a partires do primeiro día no que os seus fillos e fillas acudan ó comedor escolar e quere poñer de manifesto que en Oleiros ningún neno ou nena, a pesares de que o ensino non é unha competencia municipal, quedará sen a súa praza de comedor por temas económicos, xa está ben de demagogias, poñendo en dúbida e cuestionando o traballo dos empregados municipais e, neste caso, dos e das que lle tocan a ela persoalmente, que desenvolven un traballo riguroso, agarimoso, moi digno e profesional, aspecto que consideran o máis importante.

Neste intre, ante a intervención do concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**, e a advertencia do alcalde de que non estaba no uso da palabra, dado que rematara xa o tratamento da moción, e a insistencia en seguir intervindo, o alcalde, Sr. **García**, chámalle á orde ata en dúas ocasións para que cesase coa súa intervención.

10.5.- Moción do grupo municipal “Mixto-BNG” solicitando á administración do Estado a inmediata adopción de diferentes medidas relacionadas coa obra para a rexeneración da Ría do Burgo

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D. **Iván Roca**, voceiro do grupo “Mixto-BNG”:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realización do proxecto de “Dragado ambiental dos sedimentos da Ría do Burgo. A Coruña” por parte da administración estatal, estaba chamado a ser un punto de inflexión que marcasse o rumbo certo para a completa e integral rexeneración do estuario coruñés. A obra, financiada en grande medida por fondos europeos (por medio do programa Feder 2014-2020), tivo un orzamento superior aos 32 millóns de euros que se estendeu, segundo manifesta o propio Ministerio de Transición Ecolóxica, até sobardar os 37 millóns.

O proxecto deuse formalmente por finalizado na pasada primavera, cando, a poucas horas de que vencera o prazo vinculado á correcta recepción dos fondos comunitarios, o 26 de abril o estado recepcionaba unha obra resultado de





CONCELLO DE OLEIROS

décadas de continua mobilización social, popular e política que, xunto con numerosas luces, deixa tamén non poucos elementos de sombra a nivel medioambiental, laboral, económico, paisaxístico e da cohesión e vertebración social.

Durante todo este tempo, logo da consecución de compromisos políticos constatábeis para a súa realización, o BNG foi unha forza atenta e vixiante, dentro das posibilidades ofrecidas pola administración, ao correcto desenvolvemento dun proxecto longamente pelexado, entre outros, polo nacionalismo galego. Actuamos á luz pública de xeito respectuoso cos criterios técnicos (en especial cos vinculados a cuestións ambientais) e procuramos facer pedagogía social sobre a realidade de que estabamos diante dun primeiro chanzo (moi importante, iso si) para a total recuperación da ría pero non ante a súa rehabilitación definitiva, como dende outras esferas se tentou vender. Diante dunha obra desta envergadura, resulta de todo punto lóxico que fiquen cuestións pendentes dunha correcta concreción final, da necesaria mellora ou dun correcto remate. Igualmente resulta de todo punto lóxico que a administración contratante sexa plenamente sabedora destas circunstancias e execute en tempo e forma as medidas e procedementos que ten na súa man para garantir o éxito final do proxecto. Á luz dos feitos, son varios os elementos que nos permiten apuntar unha falta de dilixencia máis que notoria por parte da administración central no “Dragado ambiental dos sedimentos da Ría do Burgo”.

A primeira e máis lacerante cuestión, posto que non obedece a ningún contratempo inherente á marcha das obras ou circunstancia sobrevida de calquera caste, é que a altura do verán de 2024 a administración estatal sexa incapaz de ofrecer e garantir unha digna e xusta cobertura ao colectivo de mariscadoras e mariscadores da Ría do Burgo que, como se recoñece no propio proxecto, non é só que non puideran desenvolver o seu traballo durante o período de realización das obras, senón que, de agora en diante, terán que agardar 2 anos para que, se todo vai ben, puidera darse a posibilidade de volveren realizar o seu traballo.

A inacción gubernativa e a esclerose competencial da que fai gala a Xunta de Galiza non serve para dar o máis mínimo soporte á desidia e falta de sensibilidade social por parte dun goberno estatal que se presume “progresista” e acumula catro anos de maltrato sistemático a un colectivo humano que tivo historicamente na Ría do Burgo o seu sustento económico. Vai na hora que, comezando pola ministra de Traballo, o goberno de Madrid argumente con solvencia a súa postura. Postura que, por outro lado, queda retratada cando o goberno estatal négase, unha e outra vez, a dialogar cos axentes sociais implicados e a facer parte da Mesa da Ría do Burgo.

O silencio do goberno estatal non se limita só á desatención laboral e social ao colectivo de mariscadoras e mariscadores; no ámbito estritamente ambiental, son moitas as preguntas que, formuladas dende diversos foros, requiren dunha resposta solidamente argumentada dende a administración competente. Así, diversos colectivos (dende mariscadoras a ecoloxistas) inciden en que non se cumpriu debidamente coas directrices establecidas no Estudo de Impacto Ambiental no que se sustenta a obra realizada; do dragado á sementeira son varios os aspectos que, non cinguíndose en aparencia ao inicialmente proxectado, requiren dunha explicación técnica axustada ao rigor administrativo ou, se procede, da activación dos mecanismos legalmente establecidos para unha correcta finalización do proxecto.

Pero é que ademais, hai cuestións inopinábeis, feitos obxectivos, coma foron as presas por parte da administración para dar por finiquitada e recepcionada a obra aínda coa opinión en contra ou non manifestada da administración autonómica e da confraría de pescadores. As mesmas presas que levaron a, con carácter previo, realizar a sementeira de marisco na ría sen os informes preceptivos entre Costas do estado e a Consellaría do Mar. Todo, deixando a un lado o xeito de sementeira realizado e, contra do dito con anterioridade, o inexistente papel desenvolvido polos profesionais do sector nestes traballos.

A obra urbanizadora vinculada ao proxecto deixa tamén unha regalía de pequenas e grandes eivas que salpican aos concellos das ribeiras da ría. Máis alá dos recheos executados na desembocadura do río Trabe en Beiramar, que se vulgan por si sós, cabe preguntarse por que non (adaptando conceptos e importes) se adapta o curioso acordo acadado entre a administración central e Culleredo ao resto de concellos da ría?

Ou non será, talvez, máis acaído, lóxico e transparente, repercutir os danos ocasionados na propia contrata do dragado realizado como é habitual no común de obras públicas?. Pero é que ademais, no acto de inicio (inauguración, sic.) da obra, o xefe de Costas manifestou que “se completará o único tramo de paseo que falta por unir”, unha falsidade





CONCELLO DE OLEIROS

flagrante que non admite discusión algunha. Deste xeito, o proxecto, sequer en fase embrionaria, de mellora integral da mobilidade, en especial a branda, en toda a ría arredor do paseo, fica a día de hoxe gravemente lesionado e estancado, a espera de tempos mellores. Tempos mellores que pasan por unha recuperación integral da ría do Burgo dende o punto de vista medioambiental para así garantir a súa plena operatividade económica, co indiscutíbel beneficio social que achega e que axudará á súa valorización colectiva dende o punto de vista paisaxístico, de uso e desfrute público e como eixo vertebrador dunha mobilidade sustentábel e eficiente. Para todo iso era preciso unha primeira frase, un “Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo” que, ten por forza, que cumprir os obxectivos que nel se contemplaron. Correspóndelle inexcusabelmente á administración estatal tomar as medidas necesarias para garantir, de verdade, o seu correcto final.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Oleiros trasladando, a xeito de esixencia, á administración española os seguintes ACORDOS:

- Plena cobertura social e laboral ao colectivo de mariscadoras e mariscadores da Ría do Burgo durante todo o período de afectación á súa actividade laboral derivado das obras de dragado do estuario, tal e como se recolle no informe de impacto ambiental do proxecto.
- Contratación, en común acordo coa Mesa da Ría, dun informe independente e externo sobre os aspectos ambientais desenvolvidos na obra, contemplando ademais un reporte do estado actual e avaliacións a futuro, tanto da vacía como da calidade das augas, ordenando e delimitando posíbeis zonas de baño, actividades recreativas, paseo...
- Culminación, conforme ao explicitado polo propio goberno, da continuidade do paseo por todo o lindeiro da ría, coma un dos obxectivos básicos contemplados nesta obra de dragado, avanzando ademais, na realización dunha senda peonil e ciclábel á altura do paseo baixo a ponte da Pasaxe.
- Concreción do procedemento de correcto remate e adecentamento das obras e dos danos causados por estas no patrimonio público preexistente, de xeito igualitario e xusto para o conxunto de concellos da Ría do Burgo.
- Elaboración dun plano de actuación, contando, entre outros organismos, coa Mesa da Ría e coa Plataforma en Defensa da Ría, que concrete fases, procedementos, datas e estime importes, para acadar o saneamento integral e a limpeza total da Ría do Burgo.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar a moción* presentada polo grupo municipal “Mixto-BNG”.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que quere deixar claro que o goberno socialista do Estado fixo todo o que estaba na súa man no relacionado coa obra executada na Ría do Burgo, tan desexada, necesaria e esquecida por diferentes gobernos durante tantos anos.

O goberno do Estado foi quen de acadar os fondos necesarios en Europa para levar a cabo a obra, quen a licitou, executou e quen ata se fixo cargo das compensacións ós mariscadores e mariscadoras durante dous anos. Compensacións que mantivo incluso, nese período de prórroga solicitado polo colectivo cando decidiron sementar na primavera, ó considerala a mellor época, aínda que esa decisión conlevaba prorrogar esas axudas de decembro a abril, algo que insiste volveu sustentar o goberno do Estado, pero agora a obra está rematada e entregada polo que debe





CONCELLO DE
OLEIROS

ser o goberno Galego, con competencias moi claras en pesca, quen debe coller a testemuña e atender as necesidades do colectivo do xeito que mellor considere.

O goberno Galego non pode seguir con esa deixación de funcións, ignorando e abandonando a un colectivo que foi directamente implicado nunha obra de saneamento medio ambiental levada a cabo polo goberno do Estado e na que se investiron uns 40 millóns de euros para a conseguir a retirada por fin dos lodos tóxicos da Ría do Burgo, permitindo logo a ese colectivo que nun futuro próximo o seu traballo con tódalas garantías de calidade e seguridade que merece, como demostra o feito de que hai uns días ata había delfíns na ría e que antes non se vían.

Incidir e recalcar que o saneamento da Ría non foi unha obra nin para facer pasarelas, sendas ou paseos, tratábase dunha actuación de saneamento medio ambiental, de dragar unha parte da ría para retirar os lodos tóxicos e iso está feito, actuación rematada e entregada, polo que agora deberán ser as demais administracións implicadas coa xestión da ría, as que tomen a testemuña e sigan a mellorala que grazas a esa intervención e ós fondos europeos quedou libre de lodos tóxicos.

Desde o seu grupo van apoiar a proposta presentada polo BNG, en canto á mellora da obra, da ría, pero querían propoñerlle ó grupo que a presenta que aceptara unha emenda de adición a súa proposta, na que solicitan que o goberno Galego deixe de utilizar ós e ás mariscadoras da ría do Burgo para enfrontalas co goberno do Estado e asuma as competencias en materia de pesca e atenda xa ás demandas deste colectivo, espera que sexa aceptada esa emenda. Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinala que no acordo de investidura asinado o día 3 de novembro de 2023 entre o PSOE e o BNG, no punto 10º, falaban de “...darase continuidade ós traballos de saneamento das rías galegas, inclúe os iniciados na ría do Burgo, coa fin de seguir avanzando na recuperación ambiental e produtiva destes espazos esenciais no territorio galego”. A Xunta de Galicia segue agardar a que o goberno cumpra con eses acordos e coas súas responsabilidades, dado que nese mesmo acordo falábase dunha declaración do impacto ambiental que o executivo sinalaba que a duración total do cese da actividade marisqueira incluía ademais o período que transcorre desde que remata a obra ata que os bivalvos acaden o tamaño comercial, polo tanto, no período no que nos atopamos corresponde ó goberno central pagar esas indemnizacións.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que o goberno municipal aínda estando de acordo co parte do fondo da moción exposta, non o están con algún dos puntos de acordo propostos.

En canto ó primeiro punto, de “plena cobertura social e laboral ao colectivo de mariscadoras e mariscadores da Ría do Burgo durante todo o período de afectación á súa actividade laboral...” ata de agora estiveronlle pagando tódolos meses unha indemnización ata que rematou a obra, que deixaron de facelo, aínda que baixo o seu punto de vista a obra aínda non está rematada. De tódolos xeitos, da súa experiencia como mariscador, a actividade na ría sempre era de outubro a febreiro e entre eses meses non había actividade, polo que non se cobraba nada. Dito isto e baixo o seu punto de vista, ningún mariscador ten dereito a cobrar indemnización durante a tempada de veda, pero si a partires deste próximo mes de outubro e ata o remate de febreiro se non poden laborar na ría, polo que se non se modifica





CONCELLO DE
OLEIROS

non están de acordo co sinalado na moción, insiste en que non ten senso ningún pedir indemnizacións nunha tempada de veda e que non cobraron na vida, polo que si se modifica esta cuestión poderían apoiala.

En canto ó punto de petición de emisión e informe, este concello xa ten un feito de xeito minucioso, con cento e pico páxinas, porque se alguén coñece a ría ese é o Concello de Oleiros e o saneamento non é froito da actuación realizada agora senón que empezou hai décadas coa execución das redes de saneamento, con alcantarillados, bombeos, depuradoras, etc, porque esa era a actuación necesaria para facer real o saneamento da ría polo que, insiste, están de acordo, outra cuestión que é no que se actuou agora foi na retirada de metais pesados na Ría do Burgo, pero non existía esa contaminación na zona da Ponte Pasaxe, nin fronte á praia de Sta. Cristina, polo que estarían de acordo co punto terceiro; rematar as obras, conectar os paseos ¿Cómo se pode facer unha obra nunha balsa, cun recheo que se fai na Ría e non lle queda máis remedio que facer unha fronte dun paseo sen conexión cos dous lados? É unha barbaridade, non teñen vergoña de ningún tipo os e as deputadas nacionais que non defendan o que está a dicir e, concretamente, os do PSOE tiñan que tapar a cara porque é un desastre o que acontece coa culminación desa obra sen conexión coa zona do Paraíso e coa zona limítrofe con Cambre co que, para rematar, dicir que está de acordo cos puntos 3, 4 e 5 cos dous primeiros o sinte, pero non están de acordo e si se modifican votaran a favor.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que cre que basicamente están tódolos grupos a favor da moción, pero non poden retirar eses dous puntos que sinala o alcalde, especialmente o punto 1 que fai referencia á plena cobertura social e laboral ó colectivo de mariscadores e mariscadoras que, incluso, a petición do Concello de Oleiros xa se manifestan polas beirarrúas sen cortar o tráfico, polo que non o poden retirar.

Non teñen problema en solicitar da Xunta de Galicia, de acordo coas competencias que ten a través da Consellería do Mar, pero non poden retirar o solicitado polo alcalde.

Volve intervir o alcalde, D. **Ángel García**, preguntando ó propoñente da moción se está de acordo en que dous días á semán e durante hora e media se corte o tráfico na Ponte Pasaxe á veciñanza da comarca da Coruña durante un ano, se un se quere manifestar contra o Delegado do Goberno, terá que ir ata á Delegación do Goberno, non en Perillo, nin na Pasaxe, porque incluso quedálles máis cerca porque xa non hai mariscadores en Perillo ou nas Xubias, os que hai son de Suevos e algún da Coruña, un colectivo de 70, pero non se pode consentir como dixo antes que se corte un carril durante un ano e dúas veces na semán durante hora e media o tráfico, porque é un escándalo, os dereitos dun rematan onde empezan os dos demais e ninguén ten dereito a paralizar a milleiros de persoas que cruzan a Ponte Pasaxe tódolos días e tivo un ano a subdelegada do goberno para resolver esta cuestión que agora remata de facelo cos argumentos que defendía este concello, porque tamén informou a Dirección de Tráfico, porque se produciron accidentes, que impedían o paso de ambulancias, etc e insiste en que pode estar de acordo coas reivindicacións e está disposto a ir co colectivo de mariscadores e mariscadoras a onde faga falla, pero iso de cortar a estrada non.

Insiste en que 70 son os e as mariscadoras con dereitos a día de hoxe e lembra que cando se afundira o primeiro barco, había un censo de mil e poucos, pero incluso mariscadores que traballaban tamén nunha entidade bancaria,





CONCELLO DE OLEIROS

empresarios, con xestorías e cobraron a indemnización, lembra que 500.000 pesetas daquel entón e tamén no seguinte, indemnizacións de 700.000 pesetas e así seguido.

O voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salienta que as mariscadoras están desesperadas porque segue pasando o tempo e ninguén lles fai caso, non se amaña a situación e todo colectivo que protesta busca actuacións que chamen a atención e que teña coñecemento, só cortaban un carril nada máis e claro que causaban problemas, pero insiste en que o que buscaban é notoriedade e cre que o alcalde deféndeos...

Volve reiterar o alcalde, Sr. **García**, que está disposto a acompañalos calquera día onde sexa para que lles indemnicen desde outubro a febreiro, pero máis non, polo que si non se cambian eses puntos primeiros non van apoiala.

Votación da moción

Pasándose de seguido á votación da moción presentada polo grupo “Mixto”-BNG, prodúcese o resultado **tres (03) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e dous (02) do grupo municipal “Socialista”); **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear a moción* presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

10.6.- Moción do grupo municipal “Mixto-BNG” en defensa da reciclaxe e da non discriminación entre modelos

Da orde do alcalde procede a dar lectura á moción presentada D. **Iván Roca**, voceiro do grupo “Mixto-BNG”, que se transcribe no acordo acadado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar a moción* presentada polo grupo municipal “Mixto-BNG”.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que no seu grupo non poden estar de acordo cunha cuestión que propón, na que a Xunta de Galicia castiga ou premia a uns ou outros concellos, dado que unha das empresas está sostida con fondos autonómicos, da Xunta de Galicia, e a outra non.

Por outra banda, estean ou non de acordo cun sistema ou polo outro, en ámbolos dous casos apostan pola reciclaxe e no caso de Nostián, que segue o modelo húmido-seco, hai que sinalar que é unha opción a extinguir por ser contraria ás directrices que sinala a Unión Europea, polo que neste eido non parece moi factible que un goberno da Xunta de





CONCELLO DE
OLEIROS

Galicia, governe quen governe, financie algo que sexa contrario á normativa europea agás que sexa para axeitalo a esta normativa.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que se debe ir por partes, ante un asunto que merece rigor, porque é serio e complexo.

En canto ó que remata de salientar a voceira do grupo “Popular”, dicirlle que non é contraria á lexislación europea, nin á nacional, o que establece a lexislación son unha serie de excepcións, cre lembrar que no art. 25 de acordo a rendementos da planta, que Nostián cubriría de xeito sobrado, tendo en conta que se trata dunha planta que xa ten 25 anos e que precisa dunha modernización. Unha planta máis moderan tería uns custes de reciclaxe moi superiores, unha planta que non funciona como debería facelo, como pode ser SOGAMA, porque dos rexeites que ista enterra directamente na contorna da incineradora obtense gas, se o que se enterrase fose materia inerte e non orgánica, non se podería extraer gas.

En todo caso, os impostos que se aplican ó vertido e incineración de residuos, entraron en vigor o primeiro de xaneiro de 2023, son efectos da Lei 7/22, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Isto supón gravar os rexeites de residuos municipais con 30 €/tonelada para os residuos que van ó vertedoiro e, no caso de residuos municipais que van a incineradoras, se istas están codificadas como de rendimento 0.1, como é o caso de SOGAMA, é dicir supostamente eficientes, con 10 €/tonelada para os residuos que se depositan unha vez queimados en vertedoiro. Tamén hai un imposto para os gases de efecto invernadoiro, que entrou en xaneiro de 2024, e aquí si que se pon todo o mundo de perfil, porque é certo que a lei de residuos aprobouna o goberno socialista, pero a través dunha norma comunitaria e a comisión europea, está presidida pola perigosísima Úrsula Von der Leyen, que pertence ó grupo Popular europeo, polo que débese ser un pouco serios.

Todos son responsables da xestión dos residuos e ista directiva comunitaria con esta lei busca reducir e mellorar o medio ambiente baixo a idea de que se traslade de quen contamina paga ó peto de todos. Todos deben ser máis responsables porque ¿Cantas multas impoñen os concellos por non facer a reciclaxe en orixe? Poucas e para non enfadar á veciñanza, que logo non votan e agora coa subida todos se poñen de perfil botándolle a culpa uns a outros, uns á Xunta de Galicia, outros a Madrid e outros a Europa, en vez de poñer en marcha campañas de reciclaxe que reduzan as toneladas de lixo que van a SOGAMA ou a Nostián.

Co afán de confrontar co goberno central, a Xunta de Galicia está a facer segundo a opinión dalgúns o que podería constituír un fraude de lei. Unha lei obriga a asumir un imposto coa produción do residuo e a Xunta de Galicia subvenciona a ese produtor do residuo, pero ningún concello protesta porque tería que repercutilo na súa veciñanza, e isto faino mal concellos gobernados polo PSOE, PP, BNG ou por Alternativa dos Veciños, ninguén di que non a esa subvención que dá a Xunta de Galicia.

Tamén dicir, que o certo é que esta moción baixo o seu punto de vista ten unha eiva, dado que a operación de dar cartos para paliar a suba do lixo xa o fixo a Xunta de Galicia porque foi ano electoral, o certo é que o Consorcio As





CONCELLO DE OLEIROS

Mariñas recibiu arredor duns 800.000 € para esta fin e o Concello da Coruña, outro usuario de Nostián, recibiu da Xunta de Galicia arredor de 1.400.000 € no ano 2023, iso sen que fose unha partida finalista, é dicir, sen especificar o destino a que adicar esas axudas e tamén quere salientarlle ó Sr. Roca, que concorda co que sinala porque o entramado empresarial do PP, o 49% de SOGAMA pertence a Naturgy, impulsou a incineración como método predominante para xestionar os residuos dos e das galegas desde hai máis de 25 anos, máis indica que desde o seu grupo defenden un modelo alternativo a SOGAMA, compartido con grupos ecoloxistas, axentes sociais e persoas individuais, pero a realidade Sr. Roca é outra porque terán que decidir algún día que queren ser cando sexan maiores, porque está moi ben declararse medio ambientalista pero hai que practicalo e os concellos máis importantes gobernados polo BNG, coma Pontevedra ou Carballo, recurren a SOGAMA, polo que pensa que o que habería que pedir nesta moción, dado que os 400.000 habitantes da comarca pagaron a construción de SOGAMA, pero non recibiron apoio económico para o modelo Nostián, máis respectuoso co medio e co futuro de fillos e fillas.

Debería pedirse que na construción da nova Nostián, que a Xunta de Galicia aporte os recursos que non lles deu a estes 400.000 galegos e galegas da comarca que levan apostando por outro xeito de facer cousas, insiste, por máis de 25 anos, que non se pidan magallas, hai que exixir compromisos importantes que permitan que no novo ciclo de vida do novo Nostián, a aportación da Xunta de Galicia faga que so custes da instalación a amortizar en 25 anos sexan menores e, polo tanto, máis económicos para toda a veciñanza da comarca e todo isto, sen esquecer que debe ir acompañado de campañas municipais para reducir a produción de residuos.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que está de acordo co dito polo concelleiro do PSOE en canto a que a Xunta de Galicia debe repartir os cartos tamén cos concellos da Coruña e a súa área metropolitana porque se a institución autonómica vai financiar o 60% da subida do custe da taxa pola recollida do lixo cara ós vertedoiros, se agora estaba en 66 e vai pasar a 106 e a Xunta ten intención de subvencionar ese 60%, pasará o resto de Concellos a pagar uns 86 €/tonelada, pero é que á Coruña e a súa área metropolitana está a custar uns 126 €/tonelada, polo que a Xunta de Galicia ten que sufragar tamén a mesma parte nese senso.

Ademais, debe terse en conta que as cantidades que pagaron o ano pasado non foron a maiores, senón que foron detraídas dos cartos de fondo de compensación, de feito, hai uns días ingresaron no concello 167.000 € pero que hai que deben reintegrarse nos fondos do Consorcio das Mariñas para o financiamento da taxa do lixo, polo que está de acordo coa moción en cando a que a Xunta de Galicia proceda a sufragar esa parte da taxa que sexa a tódolos concellos por igual e non só os que van a SOGAMA, pero se van falar de reciclaxe pode ser un debate eterno, empezando porque a planta da Coruña ía ser a mellor do mundo e ó final, foi un desastre, SOGAMA outro porque o único que fan é incinerar, ademais de ser un negocio descarado de catro empresarios que todo o mundo coñece.

Votación da moción





CONCELLO DE
OLEIROS

Pasándose de seguido á votación da moción presentada polo grupo “Mixto”-BNG, prodúcese o resultado **quince (15) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG; doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”) e **cinco (05) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *raprobar a moción* presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai semanas, o anuncio dun substancial aumento no importe do recibo que pagan centos de milleiros de fogares galegos pola recollida e o tratamento do lixo a través da empresa pública SOGAMA, está a centrar boa parte do debate público en todo o país.

O denominado por moitos axentes sociais coma “tarifazo” obedece, por un lado, á necesidade de cubrir os custes do servizo ofertado, pero tamén, por outro lado e dentro teoricamente deses custes, pola penalización económica que, derivada da lexislación vixente, é aplicada a un proceso baseado na incineración e non na reciclaxe, contravindo as indicacións da Unión Europea, o propio estado español e as normas máis elementais do sentido común e a querencia por preservar o planeta comezando pola nosa propia nación.

A teimosía da Xunta nun modelo obsoleto, contaminante e subdesenvolvido, afecta ao peto da practica totalidade da sociedade galega. Lonxe de emendar unha política de xestión de residuos contrarios ao benestar xeral e do no noso medioambiente, a Xunta opta por aparecer diante da opinión pública e, por bocado seu presidente, anunciar de xeito populista a asunción con fondos autonómicos do 60% da suba, isto é, 24 de 42 €. Ao tempo, con toda lóxica, o BNG, xunto con multitude de actores ecoloxistas e veciñais de diversa índole, inicia unha campaña a nivel nacional contra as políticas e tarifas de SOGAMA, apostando por unha solución integral a escala galega que se centre na reciclaxe e na sustentabilidade.

Á altura do ano 2024, na comarca da Coruña subsiste, coa total indiferenza cando non hostilidade da administración autonómica, un proxecto de recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos que ten na planta de Nostián a plasmación dunha aposta decidida pola reciclaxe, en comunión cos principios e directrices comunitarias e estatais. A ninguén se lle escapa que a reciclaxe é, per se, máis cara (monetariamente) que a combustión pola que aposta a Xunta, tal é así que, aínda axustando prezos, o servizo comarcal, quer no Concello da Coruña, quer no Consorcio das Mariñas, vén de experimentar unha suba notábel, vinculada en grande medida ao por todas sabido aumento da carestía da vida, materiais, servizos, combustíbeis...

Non é xusto que a Xunta subvencione a incineración e non a reciclaxe, non é xusto para o noso medio natural pero tampouco para a nosa cidadanía. A Xunta castiga a aquelas poboacións que, como no caso da Coruña e a súa comarca apostan por un modelo de xestión do lixo baseado en presupostos ecolóxicos e respectuosos co noso medio

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Oleiros propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galiza a sufragar en idéntica porcentaxe o recibo do lixo das usuarias da planta de Nostián (tanto na Coruña coma nos concellos adheridos ao Consorcio das Mariñas) ao pago que efectúe para as usuarias de SOGAMA.”

*** rogos e preguntas**

10.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre a reparación de parques e xardíns municipais

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

“Seguen a insistir na necesidade de reparar parques e xardíns que teñen elementos deteriorados.”

10.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre a reparación de parques e xardíns municipais





CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Solicitamos a reparación dos lavadoiros xa indicados en plenos anteriores, dado que presentan un estado penoso e que son un patrimonio cultural que temos a obriga de preservar e manter.”

10.9.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre revisión de zonas arbóreas municipais

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Rogan que se realice a revisión das zonas arbóreas municipais, como o Bosque dos Veciños, onde existen algúns troncos tirados sen retirar.”

10.10.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre traballos de limpeza e desbroce na Rúa do Couto

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Solicitan a limpeza e desbroce na Rúa do Couto, en Iñás.”

10.11.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre ampliación do punto limpo e da recollida de enseres

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“Cren necesaria a ampliación do punto limpo, dado que lles consta que é insuficiente en ocasións derivase ó punto limpo de Sada, ademais que abarca unha zona moi extensa e que se axilice o servizo de recollida de enseres voluminosos, posto que a xente quexase de que cando avisan lles contestan que están saturados e que volvan chamar máis adiante.”

10.12.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o estudio de mobilidade realizado no concello

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Ante o inicio do curso escolar, a volta ó cole e ó traballo vólvense atopar cos atascos que colocan á próxima cidade da Coruña na lonxanía, polo tempo que leva chegar. Gustaríalles saber cal foi o resultado ou as propostas que proporcionou o estudio de mobilidade realizado ¿Cales son as conclusións dese informe?; ¿Que se fixo con él?; ¿Cale foi a súa función? Nunca máis se soubo dél, esperan que non fose un gasto inútil.”

10.13.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre a reparación da pasarela ó Castelo de Sta. Cruz e o acceso ó Parque das Galeras

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Pablo Sánchez-Bálgoma**, sinalando:

“¿Que medidas es están a tomar para a urxente reparación da pasarela ó Castelo de Sta. Cruz e o acceso ó Parque das Galeras?.”

10.14.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o mantemento das alarmas en edificios públicos municipais

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“¿Quen se encarga da revisión e mantemento das alarmas dos edificios públicos? Na Casa do Pobo de Iñás entraron xa en varias ocasións e a alarma non funciona ¿Con quen deben conectarse, coa Policía Local?.”

10.15.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o arranxo da baranda do Paseo de Mera

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Ten previsto asegurar e arranxar, por exemplo, a baranda do Paseo de Mera como pediron xa no pleno do pasado mes de xullo? Sempre será mellor previr que lamentar e, incluso, máis barato reparala e asegurala antes de que ocorra algunha desgraza ou que caía arrastrando consigo un tramo maior do que agora mesmo hai que asegurar. En Canide, existen outras barandas incluso en peor estado que esa.”

10.16.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre as obras que se están a realizar en Sta. Cristina

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:





CONCELLO DE OLEIROS

Volven incidir en canto a información sobre a obra de Sta. Cristina é escasa ¿Van cos prazos de execución previstos?; a obra estaba prevista en catro fases ¿En que fase atópase neste intre a obra?."

10.17.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre instalación dun campamento na Rúa Herba Lameiriña

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Os veciños e veciñas que pasamos pola Rúa Herba Lameiriña preguntámonos que clase de campamento é o que alí vemos. Tendas de campaña de distintos tamaños e cores e bandeiras que espertan a curiosidade dos viandantes. Por iso rogamos neste pleno ao Concello, que nos explique sé e coñecedor dese asentamento, de que se trata e se posúe algún tipo de autorización municipal ou se tomouse algunha medida ó respecto."

10.18.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre a problemática dos veraneantes que veñen ó concello

Expón o rogo a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

"Vistos os problemas detectados durante o período estival no noso Concello, e que van aumentando ante a inacción e inhibición municipal, como se remata de ver agora para non facer un plan de turismo, alegando que xa existe, que traslada ás costas dos veciños e profesionais a responsabilidade de dar resposta as situacións conflitivas, rogamos informe ao Pleno, aos oleirenses e oleirensas da opinión que lle merece ao alcalde de Oleiros o debate sobre os fodechinchos. Tal vez nun Concello onde segundo vostede non hai prostitución, non hai drogas, non hai aluguer vacacional, nin sequera urbanizacións privadas de tráfico restrinxido, seguro que nos vai dicir que tampouco hai fodechinchos, pero lle aseguro que no Centro de Saúde de Mera sen ir mais lonxe foron detectados moitos un verán máis, por certo, lembrar que ese é o Centro de Saúde que o seu grupo quere que se faga novo, ante os problemas estruturais que ten mentres o goberno municipal propón e un simple parche para contentar á Xunta e non atender dignamente aos veciños do norte de Oleiros."

10.19.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre resolución do contencioso con EMALCSA

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"Estes días coñeceuse a sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo número 2 da Coruña que lle dá a razón á Empresa Municipal de Augas da Coruña, EMALCSA, para que siga a facturar o auga ao Concello e non a AQUAOLEIROS, nada máis nin nada menos que un 1.600.000 € os estaban en xogo, ademais dos gastos que sen dúbida xerou ese contencioso. Rogan ó goberno do Concello de Oleiros que lles explique detalladamente neste Pleno o obxecto da discusión, máis sobre todo as consecuencias para as arcas municipais desa sentenza."

10.20.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre anuncio publicado nun xornal sobre os orzamentos do Estado

Expón o rogo a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

"Alternativa dos Veciños, o partido político do goberno de Oleiros, por certo que cada día está menos claro onde empeza un e acaba o outro, firmaba un anuncio en La Voz de Galicia solicitando ao presidente do Estado, Pedro Sánchez, que chamara por teléfono, non sabemos a quen, en relación aos orzamentos para Oleiros do ano 2025.

Por certo que para iso deberían vostedes, en todo caso, dirixirse á Vicepresidenta e Ministra de Facenda Sra. Montero. Pero dado que nin o Sr. Sánchez nin a Sra. Montero son asiduos lectores da Voz de Galicia, lle rogamos ao Goberno de Oleiros que utilicen unha vía máis segura e, sobre todo, máis institucional para facer chegar ao goberno do Estado as necesidades de Oleiros de cara aos orzamentos do ano 2025, pois con ese anuncio o único que poden conseguir é un mellor trato nese xornal e publicidade e propaganda para Alternativa dos Veciños pero para os veciños e veciñas de Oleiros e comarca ningunha mellora cara aos orzamentos, claro que ao mellor é exactamente iso o que vostedes buscaban, publicidade e propaganda."

10.21.- Rogo do grupo municipal "Socialista" sobre a xestión de AQUAOLEIROS e as redes de abastecemento de auga e saneamento

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal "Socialista", D. **Jesús Fernández**, sinalando:

"A semana pasada rexistramos unha petición escrita para acceder a distintos datos sobre a xestión e a evolución de AQUAOLEIROS, por certo petición que aínda non foi cumprida. AQUAOLEIROS conta cunha xunta xeral e cun consello de administración formado integramente polo alcalde e outros membros de Alternativa dos Veciños.





CONCELLO DE
OLEIROS

Lembran logo que tanto a dirección desta empresa pública coma a toma de decisións, acertos, erros e, en definitiva, a consecución última das súas fins son en exclusiva seus, como responsables últimos da compañía. Así a habitual política de botar balóns fóra cando hai un problema, non pode ser empregada con facilidade en AQUAOLEIROS, xa que os problemas xerados nas redes de abastecemento e saneamento dependen de vostedes e o investimento en canto a mellora das redes que quedou a un lado, para atender ao capricho do alcalde en forma de Multiusos, que fai auga...

Neste intre polo alcalde, D. **Ángel García**, retíralle a palabra ó concelleiro do grupo “Socialista” que estaba presentando o rogo, dado que o que estaba a presentar non constaba no rogo presentado.

10.22.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ás declaracións públicas do alcalde de Oleiros en canto a uns postes de telefonía existentes en Dorneda

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O Sr. Ángel García Seoane, nun programa de radio, concretamente nas Voces da Coruña de Radio Voz, anunciaba que ía levar á Fiscalía a situación duns postes de telefonía en Dorneda. Ata aí nada que dicir, pero despois engadía...”Se me teñen na miña finca iso tirado así córtolles o cuello, non se pode permitir iso, é un abuso tremendo e unha prepotencia que non ten nome”.

Un pobo de xente educada e culta como é Oleiros non entende a necesidade desas saídas de ton, violentas e que colocan nunha situación incómoda aos veciños e veciñas, que por certo, son os que pagan as súas intervencións nese e noutros programas de radio. A pregunta é: ¿Considera o alcalde que esas declaracións axústanse a valores como a ética, a dignidade, o respecto e o mínimo de educación esixibles a todas as persoas e imprescindibles nun alcalde como o de Oleiros? O seu grupo entende que poden estar instando á cidadanía á violencia e a tomarse a xustiza pola man, sendo especialmente perxudiciais para a educación en valores dos nosos rapaces.”

10.23.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ás construcións na contorna do Río Serantes

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“A zona do río Serantes na súa desembocadura en Mera, ao longo dun tramo de 1,1 quilómetros ven de ser declarada zona inundable pola Xunta de Galicia. A nosa pregunta é que vai alegar o Concello pero, sobre todo, que vai facer ao respecto. Nós sospeitamos que todo o cemento que se nos ven enriba cas novas urbanizacións, 127 vivendas, vai complicar aínda mais o problema que xa existe hoxe.

Fai anos que os baixos dos edificios situados o borde da lagoa se inundan, así como os das vivendas da zoa Pinar do Río, regadas polo Serantes precisamente. E non nos diga Sr. García, que xa se resolveu o problema cas medidas levadas a cabo polo promotor. Non e certo, e vostede ten que sabelo como tamén tiña que saber o do Río de Bastiagueiro, do seu capricho infumable do Multiusos.”

10.24.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa ó reforzo de servizos durante a tempada de verán

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Preguntamos sobre reforzos dos servizos en Oleiros para atender ao incremento da poboación que hai todos os veráns, xa se veu que a Xunta de Galicia nada fixo respecto dos servizos sanitarios, pero queren preguntarlle ó alcalde concretamente, que medidas tomaron para facerlle fronte ao incremento dos residuos, por exemplo ¿Como, onde e canto incrementou Oleiros o número de contedores e papeleiras ou a frecuencia de baleirado durante os meses de xullo e agosto? E ¿Cal é o balance do resultado dese servizo neses meses?”

10.25.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa á valoración do alcalde das festas de Sta. Cruz

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Como valora o alcalde, Sr. García, as festas de Santa Cruz en relación á seguridade, organización e satisfacción dos veciños e veciñas e dos e das compoñentes da comisión de festas deste ano, e que melloraría se considera que hai algo que mellorar.”





CONCELLO DE
OLEIROS

10.26.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” relativa á falla de atención ás demandas de mellora da circulación en Perillo

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“¿Cando pensa atender a nosa demanda sobre a modificación da circulación en Perillo? A estas alturas deberá de ter identificadas as deficiencias e os problemas que dende o grupo municipal socialista denunciaron neste pleno no seu día e sobre todo, das posibles solucións. Os veciños sufrimos a diario os problemas de tráfico derivados da súa mala xestión, do aumento de vivendas e non de vías de acceso e da súa inacción ¿Pensa o alcalde seguir facendo caso omiso das súas solicitudes, de costas ao problema e mirando só para o seu capricho en forma de mausoleo-multiusos que se traga literalmente o orzamento de investimentos deste Concello.”

10.27.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre elaboración dun plan integral de turismo para o Concello

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O verán que rematou esta semana foi un novo exemplo das consecuencias da masificación e da falla de planificación das diferentes institucións e que se incrementará no futuro. Cómpre elaborar dende o Concello unha previsión para evitar máis masificación e presentes e futuras incomodidades claras para a veciñanza de Oleiros. Medidas como por exemplo a tomada en Xoez para facilitar a vida das veciñas. Pedimos ao Concello que elabore un plan integral de turismo para que este sexa sustentábel, ecolóxico, racional e respectuoso coa vida cotiá da cidadanía oleirense.”

10.28.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre a adopción de medidas nos areais municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Os conflitos, en canto contraposición de intereses, son consustanciais a vida en sociedade. RR.SS. e imprensa provocan alarma perante situacións absolutamente habituais dende sempre, como eses pequenos conflitos que se producen co gallo da convivencia e da masificación de areais oleirenses. Esa alarma social incita á toma de medidas que poderían ser consideradas como pouco proporcionadas, como a presenciada en Mera onde varios policías (cumprindo ordes e o seu traballo) saían da praia con varias pelotas que molestaban a bañistas. Porén presenciámos día si e día tamén como moitos adolescentes, con grave risco para a súa integridade, se botan ao mar dende os cantís de Pena Touro en Mera. Pedimos o concello medidas (informativas, formativas..) para evitar ou limitar esta situación e posibles graves lesións para a mocidade e que considere ademais a posibilidade de establecer algunha plataforma no mar, como xa existen en moitos lugares, para dar cabida a estes xogos e brincadeiras de adolescentes sen riscos para a súa integridade.”

10.29.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre implantación de taxa turística no Concello

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Implantación dunha taxa turística no Concello de Oleiros. Deixando ben claro que o turismo é ben acollido en Oleiros, defendemos dende o BNG que o Concello necesita unha fonte de ingresos para afrontar o custo do aumento da poboación no verán á hora de prestar servizos básicos como abastecemento de auga, tratamento de augas residuais, recollida de lixo ou limpeza viaria, prazas de aparcadoiro, gastos de socorrismo, posta a punto dos areais, problemas de mobilidade...Por outra banda achamos esta necesidade de financiamento é froito do desleixo da Xunta que debería asumir estes custes, mais non existe financiamento dunha Xunta que cada vez deita máis competencias propias nos Concellos. Entendemos pois que na actualidade, a implantación dunha taxa turística non é unha opción, senón unha necesidade para atendermos o enorme incremento de gastos que o turismo masivo está a provocar.

Solicitamos pois ao Concello que proceda a tramitación dunha taxa turística como xa iniciou Compostela, pioneira neste asunto e ben coñecedora e sufridora desta situación.”

10.30.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre denominación en galego de rúas municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A aparición das novas urbanizacións de Xaz están dando lugar a novas rúas, dúas delas chámanse “Bélgica e Alemania”. O BNG solicita ao goberno local que mude o nome destas 2 rúas adaptándoos ao artigo 22 da ordenanza de normalización lingüística aprobada no 2004 polo Concello de Oleiros. Consideramos que o nome correcto, que é o que debería figurar nas placas identificativas e como nome oficial destas rúas é o de Rúa Alemaña e Rúa Bélxica.”





CONCELLO DE
OLEIROS

10.31.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre eivas no carril-bici do Concello

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Trouxemos en varias ocasións ao pleno as que consideramos múltiples eivas do carril bici en Oleiros. Na estrada que vai de Santa Cruz a Mera o Concello construíu un carril bici (temos que lembrar que é de competencia autonómica ao igual que outras moitas no Concello que as máis das veces carecen até de beirarrúas polo que demandamos dende aquí que atendan as súas obrigas), neste carril bici desta estrada autonómica no cruzamento coa tamén autonómica AC-183 (Rúa Manuel Pardo de Andrade) achamos que existe un grave risco para os ciclistas xa que apenas se dispón de visibilidade, non habendo ningunha sinalización que acredite que por alí decorre un carril bici. Pedimos ao Concello que poña medidas que procedan a sinalar o carril bici nese cruzamento e se establezan medidas para diminuír o risco para os ciclistas, ou no seu caso demande a Xunta a toma das devanditas medidas.”

10.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ás alegacións presentadas polo Concello ó proxecto de regulación do Monumento Natural da Costa de Dexo

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“¿Que alegacións fixo o Concello ó proxecto de regulación do Monumento Natural da Costa de Dexo?”

10.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó aumento do volume do parque móbil no Concello

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Os coches foron hexemónicos nas nosas cidades e vilas durante o último século. As estatísticas máis recentes da Dirección Xeral de Tráfico apuntan a un fin de ciclo -cando menos nas cidades- consolidando tendencias iniciadas hai tempo. Nas sete cidades galegas os vehículos matriculados están a descender, igual que o censo de condutores e condutoras, que son as persoas que ostentan permiso para conducir. Pola contra, no Concello de Oleiros a situación é a inversa, somos o segundo Concello da Galiza no que máis se incrementou o número de vehículos matriculados cando a veciña cidade da Coruña foi onde menos se incrementou e onde menos vehículos hai por habitante. As consecuencias deste incremento acentúan aínda máis a nosa maltreita mobilidade. ¿Que acha o Concello destes datos (cuxa fonte é a DXT) e desta situación?”

10.34.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó cumprimento da lei e da ordenanza municipal reguladora sobre plantacións arbóreas

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Veraos, lumes-eucaliptos. Ao abeiro da lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais da Galiza, nomeadamente nos artigos 8 e 21, os Concellos teñen competencias en materia de prevención de lumes, entre outras a de controlar as distancias mínimas da maleza e de eucaliptos, acacias e piñeiros con respecto das vivendas e proceder a eliminación das árbores que infrinxan estas distancias. No Concello dispoñemos ademais dunha Ordenanza que regula as plantacións e talla no Concello de Oleiros ¿Está a proceder o Concello a controlar estas distancias mínimas e a tomar as medidas oportunas en caso de non cumprírense?”

10.35.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa problemas de circulación após inaugurado o tramo na N-VI coñecido como “Sol y Mar”

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Após a inauguración das obras do Sol y Mar semellaba que os engarrafamentos poderían desaparecer, ou cando menos diminuír en grande medida. Porén, co remate do verán e a volta aos colexios, tamén volveron os engarrafamentos e as retencións na zona do Sol y Mar (que non no túnel). Dende o Concello atribúese este problema a unha mala selección das opcións elixidas polos condutores, nomeadamente os procedentes de Sada, que en opinión do Concello deben incorporarse á avenida das Mariñas noutros puntos anteriores. Novas infraestruturas, novas alternativas.

¿Consta unha diminución dos problemas após estas recomendacións? ou ¿Vanse transmitir dun xeito máis formal, alén doutras medidas adicionais que o Concello considere acaídas para reverter esta situación?”





CONCELLO DE
OLEIROS

10.36.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa ó problema de acceso á vivenda

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“A función social da vivenda e o dereito a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a considera un simple ben de consumo suxeito ás leis do mercado.

Perante esta emerxencia, Estado e Xunta desapareceron dende hai lustros. O Concello, pola súa banda, tomou recentemente a iniciativa neste eido coa tramitación de vindeiras vivendas de prezo taxado cun prezo mínimo de 210.000 euros. A iniciativa é positiva, máis no deserto actual que supón a vivenda de protección oficial na Galiza, porén entendemos que existe unha gran cantidade de persoas que están moi lonxe de poder acceder a estes prezos taxados. Achamos, pois que se deben instaurar vivendas protexidas accesíbeis ás persoas que máis o precisen, e que non poden acceder a estes prezos taxados. De non ser así, o goberno municipal estaría a promover a construción de vivendas cun prezo protexido ás que só poden acceder persoas que non teñen problemas para acceder á vivenda a prezo libre, e fican excluídas as persoas que xa están fóra do mercado por motivos económicos. Gustaríalles saber ¿Cal é a opinión do Goberno local e se teñen pensada algunha medida ao respecto?.”

De seguido, inicia a contestación de rogos e preguntas formuladas polos grupos políticos municipais o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que no exposto de masificación en canto ó tema turístico, fixeron unha actuación en Mera que entende que foi boa e que a veciñanza agradeceuno, no caso de Xoez pode ser similar ó de Lorbé, na zona do Mollón, pero o problema de aparcadoiros para acceder a Mera, por exemplo, existen dous bos gratis para quen acceda pola Vía Ártabra e outra baixando cara á propia Mera, polo que se está a traballar para facilitar o acceso ós visitantes que veñan ás diferentes zonas de Oleiros, sen que se altere a vida da veciñanza.

No de alterar a convivencia nas praias, hai que ser conscientes de que cando ven un día de calor, as praias masifícanse e non ten porque haber uns rapaces xogando ó fútbol ou ás palas, porque a ninguén gústalle estar disfrutando do sol e que lle golpee unha pelota e se ten que intervir os Policias é porque os avisaron os socorristas porque os rapaces ó mellor non lles fixeron caso á advertencia de que non podían xogar e respecto a instalar unha plataforma no mar, non teñen pensado poñela e as praias son para disfrutar e o que non van é estar poñendo plataformas en tódalas zonas de praia e onde se vaian tirar os rapaces.

No que atinxe á implantación de taxa turística non teñen pensado impoñela e en canto á modificación das rúas de Alemaña e Bélxica, darán orde ó departamento de servizos para que realicen ese cambio e no relativo ó exposto do carril-bici, dicir que todo ese carril na estrada autonómica que vai de Sta. Cruz a Mera, o fixo o Concello de Oleiros, incluído o tramo de Arillo tamén e salienta que non lles permitiron poñer un paso de ceбра unindo os dous tramos, aínda que van insistir nese asunto porque é moi perigoso ese tramo, cuestión que non acontece noutros lugares de Galicia, que existen pasos de ceбра e badéns en tódolos lados, pero aquí parece que non se pode, non o entende, é máis o outro día que tivo unha reunión coa conselleira, alegaba que era unha cuestión dos técnicos ó que lle respondeu que non, que era unha cuestión deles.

Sobre as preguntas presentadas polo representante do BNG, respecto das alegacións que presentaron ó proxecto do Monumento Natural da Costa de Dexo, están publicadas na páxina web municipal; no preguntado respecto ó incremento de vehículos no padrón municipal, Oleiros é un dos concellos que máis medrou en Galicia, polo tanto, se





CONCELLO DE
OLEIROS

veñen novos veciños incrementase o número de vehículos, outra cousa sería que houbera un transporte público decente para disuadir á xente para que use o seu vehículo, pero esa é outra guerra que teñen que librar.

No tema de prevención e incendios, o concello non é unha empresa de desbroce, o máximo que poden facer é cónstalle que o fan, é requirir á veciñanza que limpen as súas fincas. No tema dos atascos na zona do Sol y Mar, dicir que en calquera parte do mundo o día que empezan os colexios prodúcense atascos e retencións porque todo o mundo vai a última hora e con presa, pero cre que se producen en tódolos lados porque gustaríalle ver o acontecido no Burgo, na Costa da Tapia ou en Alfonso Molina na entrada á cidade e insiste no xa dito, en canto que nese tramo vaise moito máis rápido que antes, foi unha gran obra a executada no Sol y Mar, e á veciñanza que ven da zona de Sada, se baixa á N-VI no Carballo ou en Montrove, seguro que chega antes que a través da estrada Oleiros-Perillo, porque mentres estiveron con estas obras os vehículos que viñan da zona de Sada e a súa contorna, non só colapsou a estrada Oleiros-Perillo se non tamén a de Sta. Cruz, polo que insiste en que debe collese a N-VI que agora o tráfico vai moito máis fluído e diso informarán a través dos paneis para fomentar que se utilice a N-VI.

No tema da vivenda, o concello non pode nin ten esa competencia, é da Xunta de Galicia e do Estado e xa dixo en moitas ocasións que Franco fixo máis vivenda social que as feita en toda a democracia e é así, lamentablemente. Non se fixo, nin se fai vivenda social nin cos gobernos do PP, nin cos do PSOE. Ó contrario, en Madrid fixéranse 3.000 vivendas e cando entrou a gobernar o PP, non se adxudicaron e por contra, vendéronas a un fondo de investimento e volvendo a este concello, no dito sobre as vivendas a prezo taxado de 210.000 € é un prezo que marcan desde a Xunta de Galicia, e é mínimo, polo que ven imposto e seguirán con esta política porque deben ser os únicos concellos que fan esta xestión para a súa veciñanza.

No tema da Rúa Herba Lameiriña, a persoa que estivo aquí e que a tivo que botar no inicio deste pleno, mercou esas fincas e montaron alí un campamento que evidentemente, vano requirir para que retire todo iso, incluso parece que as tendas de campaña deixoullas Decathlon, pois haberá que requirirille para que llas pida porque do contrario, irá o concello e as retirará.

No que atinxe ó rogo dos “fodechinchos” produciuse un debate entre o alcalde e a voceira do grupo “Socialista”, Sr. Acuña, en canto a que o alcalde solicitáballe explicación do que é un “fodechicho” e a voceira “Socialista”, explicoulle o que era esa denominación.

En canto á sentenza do contencioso sobre a compra da auga, o concello recurriu porque non querían pagar o IVE porque non o teñen porque pagar e van volver recurrir porque parece ser que é un capricho do interventor do Concello da Coruña, porque quen compra a auga é unha empresa municipal e entenden que existe ese erro e vano defender. Sobre o tema do anuncio en prensa, se os concelleiros e concelleiras do PP e PSOE non son quen de reclamar na Xunta e no Estado investimentos para Oleiros, pois teñen que recurrir a eses anuncios e desde logo parece que algún deputado o veu, polo menos vostedes si porque o están a expoñer aquí e as necesidades están fartos e fartas de sabelas e que afectan a toda a comarca e sobre un expediente que solicitaron ver, están nas mans da secretaria e daranlle acceso máis pronto que tarde, aquí non hai nada que ocultar.





CONCELLO DE
OLEIROS

Sobre as preguntas do PSOE e sobre o exposto de linguaxe verbal agresivo, aquí as únicas violentas son as empresas que fan o que lles peta, como se poden ter a tres familias cos cables no cuello, vaian dar unha volta por alí e poderán velo que para pasar da horta á casa teñen que baixar o lombo, e logo a ver que farían.

Sobre a incidencia da nova construción en Serantes, está todo pensado e planificado, conta co seu saneamento, co seu bombeo, etc e no dito sobre o problema da Lagoa, xa está resolto desde hai anos porque se fixo unha actuación que solventou todos eses problemas.

No que respecta ós problemas que se producen durante a tempada de verán, está claro que medra moito a poboación e prodúcense problemas de maior tráfico, prodúcese un maior consumo de auga, moitos problemas en practicamente tódolos servizos ocasionados polos moitos visitantes que veñen ó concello, benvidos sexan, pero o goberno municipal está a traballar para que en cada caso as melloras e reforzo que haxa que facer para que non se produza un déficit na prestación destes servizos.

Respecto das festas de Sta. Cruz, foron unha marabilla e xa felicitaron á comisión de festas o outro día e engadir, que a Policía Local de Oleiros e maila Garda Civil, conseguiron que houbera orde durante as festas de Sta. Cruz...

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que entón estarán connosco cando reclamábamos máis presenza policial para evitar desorde, ó que o alcalde, D. **Ángel García**, contéstalle afirmativamente e o que aconteceu o ano pasado foi que ninguén prevía que houbera unha morea de xente coa celebración do Xacobebo.

Matiza a Sra. **Silva**, que non foi así o que había era unha convocatoria a través das redes sociais, ó que lle contesta o alcalde, Sr. **García**, que ademais diso o Xacobebo foi un festival, non unha festa, como foron as de esta ano en Sta. Cruz ou a que se vai celebrar pasado mañán en Maianca.

Segue coa súa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que en canto ós problemas de circulación na zona do Sol y Mar en Perillo, como non concretan na rúa non pode contestala e, de seguido, salienta que vai proceder a contestar ós rogos e preguntas presentadas polo grupo “Popular” e en canto á insistencia demandada de arranxo dos parques e xardíns municipais, niso están, sobre actuacións nos lavadoiros públicos, existen uns 80 e están actuando pero sobre aqueles que contan con historia e os que contan cunha fonte ó seu carón e polo tanto, a veciñanza fai uso deles.

Sobre o rogado de arranxo e limpeza nos parques, nomeadamente falaron do Parque dos Veciños, salienta que saben que cando cae un tronco dunha árbore no bosque é convinte deixalo porque mellora o hábitat da contorna e en canto á limpeza e desbroce da Rúa do Couto, en Iñás, anótano para actuar se fose o caso.

En canto á petición de ampliación do punto limpo, dicir que cre que é o mellor punto limpo de toda a comarca, cunha ubicación idónea, preto dun centro urbano, cun bo acceso e que funciona moi ben...

No tema dos problemas circulatorios co inicio do curso escolar, xa falou antes diso e insiste en que parece que sae todo o mundo con presa, a última hora e colapsa as vías de comunicación, pero e que acontece igual cando xoga o





CONCELLO DE
OLEIROS

Deportivo ou vaise celebrar un festival ou unha actuación multitudinaria, sempre se colapsan as vías de comunicación, é unha evidencia. Sobre as medidas a adoptar para arranxar a pasarela que dá acceso ó Castelo de Sta. Cruz, ningunha dado que non é de competencia municipal, o que están é cansos de pedirlle ó responsable da Demarcación de Costas na Coruña que a arranxe dunha vez, porque insiste en que é unha competencia do Estado...

Insístese pola voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, que iso é o que querían saber, en canto a que medidas están a tomar, non están dicindo que sexa o concello que o faga se non é da súa competencia.

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, que se fixeron constantes requerimentos e ata un proxecto, que non o terían porque facer e como non actúen pronto vaise caer, porque hai unha parte que está moi deteriorada e agora cando cheguen os temporais a ver o que acontece.

As alarmas, algunhas que están conectadas coa Policía Local, as menos; as outras están conectadas á central dunha empresa de seguridade que é quen se encarga de chamar á Policía cando o estima. En Iñás, que se produciron bastantes roubos pola parroquia, no campo de fútbol, en domicilios particulares ou na Casa do Pobo, xa están localizados eses delinquentes, porque o traballo da Garda Civil é bo, e máis pronto que tarde caerán. Sobre se está previsto arranxar as barandas do Paseo de Mera, dicir que esa é a intención, tamén a de Meixón Frío e todas as de madeira que existen ó longo do municipio.

Para rematar e sobre a execución das obras en Sta. Cristina; sinala que van a bo ritmo, están na terceira fase e só quedaría a última cuarta fase. En canto ós prazos, cre que se van cumprir rematando no mes de novembro e se non é así, tampouco se van demorar moito máis, o importante é que Sta. Cristina vai quedar fermosísima.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.45 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en cincuenta e dúas (52) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

